CONCELLO
DE
GONDOMAR
[Pontevedra]

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

ref.: mjsp/ Acta Pleno/AX/SX/nº 01-17 de 26/01/2017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 01/2017 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío.
Data: 26.01. 2017.
Hora de convocatoria: 20:00 h.
Hora de comezo: 20:00 h.
Hora de remate: 22:15 h.

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. José Manuel Chamorro González
- Dna. Iria Lamas Salgueiro

- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez
-
- D. Xosé Antonio Araújo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
- D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez

- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso

- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20:00 horas do 26 de xaneiro de 2017, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior núm. 14/2016.
2. Aprobación da acta da sesión anterior núm. 15/2016.
3. Expediente 1556/2016. Renuncia de Concelleiro e toma de posesión do Concelleiro substituto.

CONCELLO DE GONDOMAR (Pontevedra)
Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

4. Expediente 177/2017. Declaración institucional CONDE DE GONDOMAR.
5. Expediente 290/2016. Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora de Medio Ambiente, Limpeza e convivencia 140/16.
6. Expediente 186/2017. Declaración Institucional da Corporación Municipal de Gondomar sobre o falecemento do que fora Concelleiro desta Corporación, D. José María Martínez Blanco.
7. Fiscalización e control dos Órganos de Goberno:
    a. Información a remitir ao Pleno da Corporación de xaneiro por parte do Departamento de Intervención.
    b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía – Tomo XII, Parte 1ª y Parte 2ª.
8. Mocións.
    a. Moción para declarar o Municipio, Territorio Libre de Paraísos Fiscais.
    b. Moción Canalización Augas Pluviais e Limpeza Camiño dos Amados, Peitieiros.
9. Rogos e preguntas.

1. **Aprobación da acta da sesión anterior núm. 14/2016.**

Sr. Alcalde: ¿Intervencións? Sra. Varela ten vostede a palabra.

Sra. Jimena Varela: Grazas. Boa tarde a todos e a todas. Simplemente anunciar que me vou abster porque non estaba presente nese Pleno. Grazas.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: maioría dos membros presentes, 15 votos a favor: 1 abstención de Dna. María Jimena Varela Rodríguez, por non estar presente na sesión da que se trata; e ningún voto en contra, acorda aprobar a acta da sesión anterior n.º 14/2016 do Pleno do Concello.**

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

**2. Aprobación da acta da sesión anterior núm. 15/2016.**

Sr. Alcalde: ¿Intervencións? ¿ningunha?

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior n.º 15/2016 do Pleno do Concello.**

**3. Expediente 1556/2016. Renuncia de Concelleiro e toma de posesión do Concelleiro substituto José Manuel Chamorro González.**

*Polo Sr. Presidente da Corporación, o Sr. Alcalde D. Juan Francisco Ferreira González dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di:*

***PROPOSTA DE ALCALDÍA:***

***ASUNTO: TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO D. JOSÉ MANUEL CHAMORRO GONZÁLEZ.***

***LEXISLACIÓN APLICABLE***

*A Lexislación aplicable ao procedemento de renuncia de concelleiro e toma de coñecemento do cargo de concelleiro é a seguinte:*

*- Os artigos 182 e seguintes da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral.*

*- O artigo 9.4 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*- O artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*- A Instrución do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais.*

***ANTECEDENTES DE FEITO***

***PRIMEIRO.*** *Considerando a renuncia expresa presentada por D. Juan Antonio González Rodríguez ao cargo de concelleiro, do cal tomou posesión en data 13.06.2015 por motivos persoais.*

***SEGUNDO.*** *Considerando que o Pleno deste Concello en sesión de data 01.12.2016 acordou a toma de coñecemento da devandita renuncia voluntaria en cumprimento do artigo 9.4 do Real decreto 2586/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aos efectos de proceder á substitución do concelleiro conforme ao disposto no artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral mediante remisión das credenciais do candidato seguinte da lista do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE que concorreu ás eleccións municipais de maio do 2015, D. José Manuel Chamorro González, para que poida tomar posesión do cargo.*

***TERCEIRO.*** *Considerando que se recibiu da Xunta Electoral Central o día 21 de decembro, con n.º de entrada no Rexistro Xeral do Concello 6422, a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que corresponde cubrir a vacante producida, proponse ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte*

***PROPOSTA***

*Aceptar a toma de posesión de D. José Manuel Chamorro González do cargo de Concelleiro do Concello en substitución de D. Juan Antonio González Rodríguez, tras a renuncia voluntaria deste.*

*E para iso e cumprindo co procedemento legalmente establecido, paso a darlle a palabra a D. José Manuel Chamorro González, para que efectúe expresa e tacitamente o seu xuramento como Concelleiro electo desta Corporación:*

*<u>D. José Manuel Chamorro:</u> Grazas*

*«Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro desta Corporación Municipal con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado»*

*O Concelleiro cumpriu previamente coas obrigacións establecidas na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en concreto coa obrigación de declarar sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, xunto cunha declaración dos seus bens patrimoniais.*

CONCELLO DE GONDOMAR (Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

***O Pleno da Corporación municipal toma coñecemento da toma de posesión como Concelleiro de D. José Manuel Chamorro González.***

*Tras a toma de posesión como Concelleiro incorpórase á Sesión.*

*Sr. Alcalde: Grazas. Sr. Secretario Municipal, dáse por feito o xuramento do Concelleiro co debido formalismo. Como presidente desta Corporación, Concelleiro deséxolle e ademais alegrámonos todos de que forme parte de sela representación da veciñanza do noso Concello e dámoslle a benvida a esta Corporación.*

*Unha vez tomada a posesión do Concelleiro José Manuel Chamorro e sendo xa efectiva a mesma pasamos xa ao seguinte punto da orde do día.*

**4. Expediente 177/2017. Declaración institucional CONDE DE GONDOMAR.**

*Pola Concelleira de Cultura Nuria Lameiro Valverde dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 19.01.2017, que literalmente di:*

***PROPOSTA DE ALCALDÍA:***

***ASUNTO: PROPOSTA DE ALCALDIA RELATIVA Á DECLARACION INSTITUCIONAL DO ANO DO CONDE DE GONDOMAR***

***ANTECEDENTES:***

*Este ano 2017, cúmprense 450 anos desde o pasamento de D. Diego Sarmiento de Acuña, e 400 do seu nomeamento como I CONDE DE GONDOMAR, polo que o Concello declara o ano como institucional na súa honra.*

***FUNDAMENTO:***

*D. Diego Sarmiento de Acuña, nace no ano 1567 e morre no 1626.*

*Pasou a súa infancia e primeira xuventude en Gondomar, por iso considerou sempre a esta Vila como a seu berce e fixo honra a súa extirpe, sentíndose profundamente galego, como reiteradamente manifestou ao longo da súa vida.*

*A súa nenez transcorre pois no pazo que tiñan os seus pais na "Insigne Vila", como diría D. Diego, que por aquel entón contaba cunha poboación que roldaba os 800 habitantes, de economía tipicamente rural, producía viño de boa calidade, liño, centeo, caza e tamén abundante gando.*

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*Foi por este lugares onde tomou as súas primeiras clases de latín e as primeiras leccións no manexo das armas..*

*Ós 16 anos entra ao servizo do Rei Felipe II como responsable da defensa das ameazadas costas do sur de Galicia.*

*Con 18 anos toma parte na guerra anglo-española e na loita naval rexeita con éxito os intentos de incursión inglesa pola costa galega, sendo unha das batallas mais significativas a librada na costa coruñesa contra a flota da "Armada inglesa" e o pirata Sir Francis Drake, sendo sempre enérxico vencedor.*

*Ós 21 anos ten que abandonar de maneira case definitiva o seu pazo, cando casa en segundas nupcias con Dona Constanza e a capitulación da voda obriga a don Diego a residir en Valladolid, onde nacen os seus catro primeiros fillos. A distancia, nembargante, non fo i motivo suficiente, boa parte dos gastos que fixo durante toda a súa vida foron para facer inacabables modificacións do pazo de Gondomar.*

*No ano 1959 volta a Galicia por obrigacións militares e toda a familia instalase no Pazo de Gondomar, nacendo seu quinto fillo, bautizado na igrexa de San Benito,*

*No 1597, con 30 anos, foi nomeado "Corrixidor de Toro".*

*No 1599, compra Don Diego, en Valladolid, "la Casa del Sol", instalándose ao ano seguinte, e a igrexa de San Bieito o vello, incorporando ambas ao "Mayorazgo de Gondomar".*

*En marzo de 1602, D. Diego trasladase a Gondomar de novo con toda a familia, nacendo pouco despois a súa sétima filla, tamén bautizada en San Benito de Gondomar.*

*En xuño dese mesmo ano toma posesión do "Cargo de Corrixidor de Valladolid" e volve á corte, pero en Gondomar quedan os seus homes de confianza que lle iran informando da marcha das obras da reforma do Pazo.*

*Con todas estas idas e vindas, D. Diego vive dividido entre Galicia e Castela; entre Gondomar e Valladolid, entre as súas orixes galegas por unha banda e os lugares da súa presenza social, política, cortesá e cultural por outra.*

*A finais de 1602 foi elixido embaixador en Londres, durante a súa estancia na capital inglesa, son moitas as cartas súas que recordan o seu Gondomar, o recuncho de Galicia sempre vivo nos seus coidados, idealizado con frecuencia, visitado e vixiado sen cesar, pero que se atopaba lonxe do centro de poder para unha persoa con ambición política como D. Diego.*

*No ano 1612, o Duque de Lerma confíalle a Embaixada en Londres, tomando posesión do seu cargo seis meses despois, trasladando a súa residencia na capital inglesa.*

*En 1617 o Rei Felipe III concédelle o titulo de Conde de Gondomar, fai este ano 400 anos.*

*En 1622 é nomeado Conselleiro do Estado de Felipe III é regresa a España gravemente enfermo.*

*O 2 de outubro de 1626 falece no Palacio do Condestable del Castela, a idade de 55 anos.*

***CONCLUSION EVIDENTE:***

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*O seu amor por Gondomar perdurou toda a súa vida, así o demostra o parágrafo do seu testamento onde aconsella aos seus herdeiros residir en Gondomar mentres non estiveran servindo ao Rei.*

*Quixo ser enterrado na igrexa de "San Benito o vello" de Valladolid e o seu fillo, D. Antonio Sarmiento encargouse de dar cumprimento á vontade paterna o 5 de outubro de 1626.*

***PROPOÑO:***

*Que o concello pleno, DECLARE INSTITUCIONALMENTE o ano 2017 como o ANO DO CONDE DE GONDOMAR, por concorrer neste exercicio 400 anos do seu nomeamento como PRIMEIRO CONDE DE GONDOMAR.*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Lameiro, ben como poden observar a vontade deste Goberno e de toda a Corporación, mellor de toda a Corporación mais ben que deste Goberno porque este Goberno, está falado na Xunta de Voceiros, é unha cousa que nos incumbe a todos como representantes de Gondomar e temos a ben declarar este ano se procede e resulta así da votación que se lavará a cabo dentro duns intres declarar o ano 2017 como ano do Conde de Gondomar debido, como se dicía, aos catrocentos anos do seu nomeamento como Conde e aos catrocentos cincuenta anos do seu nacemento. Ano que estará acompañado dun cronograma de actividades como conferencias sobre a vida do Conde, un acto institucional ademais, que queda por determinar aínda a súa data, e que vai a nacer ademais toda esta programación dunha mesa de traballo onde convido a todos os que queiran formar parte da mesma, a que poden facelo, e a idea é realzar a figura de Don Diego e poñer a Gondomar no escenario e no lugar que verdadeiramente debe ocupar. Eu, isto como saben, xa foi tratado nunha Xunta de Voceiros, vaia por diante, quero agradecer a toda a Corporación, que ademais fomos quen de sentarnos a falar desto e a convidalos a que formen tamén parte desta iniciativa porque é unha iniciativa que nos incumbe a tódolos concelleiros da Corporación e non so ao Goberno porque en resumo é unha cousa, unha iniciativa, é un recoñecemento a un ilustre, a un galeguista como é o Conde de Gondomar, pero sobre todo a Gondomar por medio. Moitas grazas. ¿Intervencións a esta proposta? Sr. Guitián, ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Moitas grazas. Boas tardes a todas e a todos. O primeiro dar a benvida ao novo Concelleiro José Manuel Chamorro de parte de este grupo benvido e esperamos que o faga moi ben. En canto ao punto do que estabamos a falar, nos anunciamos na Comisión Informativa noso voto a prol desta iniciativa do Goberno que fai, que quere facer partícipe ao resto da Corporación. Estas iniciativas normalmente, para ser breve, normalmente teñen, adoitan ter un bo retorno para o Concello, e a verdade eu ía aconsellar, aínda que xa vostede xa dixo un pouco cál é a idea desa mesa de traballo, de traballo previo en global que era un pouco o que eu falle pedir, que fixeran un esforzo inicial global, das actividades, das accións que ían a cometerse a partir desa declaración institucional e logo ir facendo pouco a pouco o que se considerase, pero xa o dixo vostede, esperemos que así sexa e nada pola nosa parte, o dito, voto a prol por suposto. Grazas.

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Guitián, se mo permiten eu direilles xa, esa mesa de traballo podo adiantarlles que está composta de principio e aberta polo IEM, polo Instituto de Estudos Miñoranos que formará tamén parte deste proxecto e por un catedrático de historia e verdadeiramente un escritor que leva traballado moito sobre a vida do Conde, Fernando Bartolomé, pois a Concelleira de Cultura, tamén estará, a coordinadora de Cultura do Concello e algúns persoeiros mais relacionados coa cultura, coa historia e todos aqueles que queiran participar, porque consiste en que este luns arrincaremos xa con esta mesa de traballo, xustamente para establecer e para levar a cabo un cronograma de actividades que digo que está totalmente aberto e de entrada ideas si que temos xa pero xurdirán outras e vai a ser unha cousa totalmente que eu entendo que ten que ser apolítica, que deben de traballar verdadeiramente persoeiros que coñezan a vida do Conde e coñecen ademais a ideosincracia deste pobo mellor que ninguén e por suposto tamén tendo a man a tódolos grupos políticos, como xa llo dixen na Xunta de Voceiros para que formen parte da mesma, se así é benvido e senón estarán informados puntualmente de todo e poderán facelas achegas que consideren. Moitas grazas Sr. Guitián, Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Boas tardes a todas e a todos. En primeiro lugar tamén darlle a benvida ao novo Concelleiro José Manuel Chamorro, Sr. Chamorro, benvido a esta Corporación e que teña unha boa estancia e un bo, que o faga ben que é o que todos esperamos, e non temos ademais a mínima dúbida, tamén quero lembrar que todos sabemos que o Sr. Chamorro está aquí en substitución doutro Concelleiro, que aínda que o Sr. Alcalde dicía que era por temas persoais, é por temas pois por unha enfermidade que ten o anterior compañeiro, o anterior compañeiro da Corporación Juan Antonio González ao cal desde aquí tamén quero aproveitar para desexarlle unha pronta recuperación, e como xa dixen antes a benvida ao Concelleiro Sr. Chamorro. Neste punto, nos por suposto, o Conde de Gondomar é unha figura, o foi sempre e segue sendo para Gondomar, desde o noso grupo, xa se falou na Xunta de Voceiros, a nosa disposición para a mesa de traballo no que podamos aportar, o noso grupo está totalmente disposto e imos ser breves, e por suposto non cabe a mais mínima dúbida de que o noso voto vai ser, vai ser a prol. Nada mais, de momento nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez, Sr. Pauliño del Río, ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño del Río: Grazas, damos a benvida ao novo Concelleiro José Manuel, desexarte que fagas un bo traballo, dado que nos sempre concedemos o beneficio da dúbida, de momento estamos seguros de que vai ser así. Con respecto ao punto da orde do día, primeiro, nos abstivémonos na Comisión Informativa, imos a abster neste tema tamén, parécenos unha proposta do Goberno que pode producir un agravio comparativo con respecto a outras iniciativas que se tomaron aquí, como foi a homenaxe ás vítimas do franquismo, cunha serie de actos aos que se lle deu liberdade ao Goberno para que as fixera e non fixo un so acto, parécenos unha proposta, que pode...do Goberno, nos non imos a votar en contra a figura senlleira de Diego Sarmiento de Acuña, pois é importante, valorable en Gondomar, non miramos especial fincapé para que o catrocentos aniversario do nomeamento como Conde pois sexa algo ao que o noso grupo deba darlle unha especial relevancia e para rematar dicirlle que simplemente que nos antecedentes de feito fálase de que se cumpre tamén o catrocentos cincuenta anos do pasamento de Diego Sarmiento de

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Acuña, creo que non é do pasamento senón do nacemento, o pasamento é no 2076, dito isto nos votaremos, absterémonos neste punto da orde do día.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Pauliño, tomamos nota da puntualización que vostede fai e respectamos a súa opinión obviamente, ten a palabra, que a pide tamén, o tenente Alcalde Sr. Antonio Araúxo.

Sr. Antonio Araúxo: Grazas Alcalde, boas noites, darlle a benvida tamén ao compañeiro de Corporación José Manuel Chamorro. Ben, nos imos a votar a favor desta iniciativa, por unha cuestión fundamental para nós e é que o Conde de Gondomar é un persoeiro, unha personaxe poliédrica, polifacética e nos queremos facer fincapé na súa vertente galeguista, ou de defensor de Galicia. Castelao cita ao Conde de Gondomar expresamente no "Sempre en Galiza" e fala do Conde de Gondomar cando consegue o voto en Cortes directo do noso pais que ata daquela estaba delegado a través de Zamora, por certo ¡non! entón entre outras cousas os centos, eu creo que mesmo miles de cartas do Conde de Gondomar, que están inéditas moitas delas, moitas delas non, a maioría delas por certo escritas en galego, eu mesmo espero que algún día o Conde de Gondomar teña dedicado o día das letras galegas, non sería tampouco de estrañar, polo tanto nos imonos quedar co perfil galeguista, defensor de Galicia, defensor dos dereitos nacionais de Galicia, el dicía e laiábase nunha carta que o que pasaba con Galicia non acontecía nin cos países conquistados, dicía o Conde de Gondomar cando reclamaba o voto en Cortes de Galicia, o dereito ao voto directo en Galicia ¡non!, polo tanto imos votar isto e gustaríanos, e imos traballar para que neste ano de actividades desa mesa, pois ese perfil galeguista e galego do Conde de Gondomar quede expresamente, si expresamente visible. Grazas.Nada mais, grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Antonio Araúxo, ¿mais intervencións? Ningunha mais, damos por concluído o debate deste punto.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 14 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE.; 4 do Grupo Municipal do P.P.; 3 do Grupo Municipal M.M.; e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 3 abstencións: 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto.; e ningún voto en contra, acorda aprobar a proposta arriba transcrita.**

5. **Expediente 290/2016. Aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora de Medio Ambiente, Limpeza e convivencia 140/16.**

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

*Polo Tenente Alcalde e Concelleiro de Medio Ambiente, Patrimonio, Urbanismo e vivenda, Xosé Antonio Araúxo Quintas dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 30.09.2016, que literalmente di:*

*Sr. Araúxo: Grazas Alcalde,teñen todos vostedes o expediente na man, supoño non, sei co leron porque presentaron achegas, alegacións. Efectivamente trátase dunha aprobación definitiva, porque a exposición pública foi despois da aprobación inicial. É un expediente moi longo, teñen tamén vostedes a proposta da Alcaldía, vou dar lectura simplemente á proposta.*

***TÍTULO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO, PATRIMONIO, VIVENDA E MEDIO AMBIENTE. EXPEDIENTE N.º: 290/2016.***

***ASUNTO: APROBACIÓN DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPIEZA E CONVIVENCIA.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*En relación co expediente relativo á Ordenanza municipal reguladora de medio ambiente, limpeza e convivencia, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, con base aos seguintes*

***ANTECEDENTES DE FEITO***

- *Aprobación inicial Ordenanza municipal reguladora de medio ambiente, limpeza e convivencia 190/2016 mediante acordo plenario de data 06 de outubro de 2016.*
- *Publicación da aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de data 31 de outubro de 2016.*
- *Durante o período de exposición ao público do acordo de aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida de lixo foron presentadas as seguintes alegacións:*

  *1.- Pauliño del Río Iglesias en data 07/12/16, en representación do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto.*

  *2.- Patricia Durán Pérez en representación do Grupo Municipal do Partido Popular.*

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

- *O Concelleiro de Medio Ambiente, Antonio Araúxo Quintas, introduce algunhas propostas de redacción, correccións ortográficas e de estilo para unha mellor comprensión.*

***LEXISLACIÓN APLICABLE***

*A Lexislación aplicable nesta materia está recollida en:*

- *Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.*
- *Os artigos 22.2.e) e 47.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Visto canto antecede, e examinadas as alegacións presentadas contra o dito acordo, formúlase a seguinte Proposta ao Pleno da Corporación:*

***PRIMEIRO**. Aceptar parcialmente as alegacións propostas que afectan aos artigos 10, 13, 20, 22, 25, 28, 30, 38, 45, 46, 53, 59, 64, 65 e 67 da Ordenanza proposta, quedando a redacción final co texto que se acompaña na documentación anexa.*

***SEGUNDO**. Aprobar con carácter definitivo, unha vez resoltas as alegacións presentadas, a Ordenanza municipal reguladora de medio ambiente, limpeza e convivencia.*

***TERCEIRO**. Publicar dito acordo definitivo e o texto da Ordenanza municipal reguladora de medio ambiente, limpeza e convivencia no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.*

***ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E CONVIVENCIA DO CONCELLO DE GONDOMAR***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*FUNDAMENTO*

*TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS*

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Definicións

Artigo 3. Residuos urbanos ou municipais

Artigo 4. Residuos excluídos

Artigo 5. Outros residuos

Artigo 6. O Punto limpo

Artigo 7. Vertidos e vertedoiros incontrolados

Artigo 8. Normas do Concello

Artigo 9. Normas xerais

Artigo 10. Prohibicións

*TÍTULO II RESIDUOS*

*CAPÍTULO 1. RECOLLIDA DE RESIDUOS*

Artigo 11. O servizo de recollida

Artigo 12. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos

Artigo 13. Depósito de residuos

Artigo 14. Recollida separada

Artigo 15. Tipos de Colectores e residuos

Artigo 16. Aceites minerais usados

Artigo 17. Roupa e calzado usados

Artigo 18. Residuos de medicamentos e os seus envases

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Artigo 19. Pilas

Artigo 20. Animais de compañía

Artigo 21. Animais mortos

Artigo 22. Uso dos Colectores

Artigo 23. Normas de utilización dos Colectores

Artigo 24. Horario para depósito de residuos nos colectores

*CAPÍTULO 2. RESIDUOS AGRARIOS*

Artigo 25. Estercos e xurros

Artigo 26. Plásticos agrícolas

Artigo 27. Envases de fitosanitarios, herbicidas, fitotóxicos, sulfatos

Artigo 28. Limpeza de terreos e soares

Artigo 29. Subsidiariedade dos traballos de limpeza por parte do Concello

*CAPÍTULO 3. SERVIZO DE RECOLLIDA ESPECIAL*

Artigo 30. Residuos de mercados

Artigo 31. Limpeza de terrazas instaladas na vía pública

Artigo 32. Residuos de eventos especiais

Artigo 33. Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores

Artigo 34. Voluminosos: mobles e aparellos de interior de vivenda

Artigo 35. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos

Artigo 36. Vehículos abandonados

Artigo 37. Procedemento de entrega de vehículos en desuso

Artigo 38. Bioresiduos, Podas e outros residuos de xardinería

*CAPÍTULO 4. ORDENACIÓN DAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS*

**Artigo 39. Distancias de plantación**

*CAPÍTULO 5. RADIACIÓNS ELECTROMAGNÉTICAS E TELEFONÍA*

**Articulo 40. Radiaccións electromagnéticas**

**Articulo 41. Antenas de telefonía móbil**

**Articulo 42.Compartición de infraestruturas**

*CAPÍTULO 6. EDUCACIÓN AMBIENTAL*

**Artigo 43. Promoción da separación en orixe e recollida selectiva de residuos**

**Artigo 44. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos**

**Artigo 45. Promoción da educación ambiental**

**Artigo 46. Xestión e eficiencia do uso da auga**

**Artigo 47. Control da calidade do aire**

**Artigo 48. Urbanismo sustentable**

**Artigo 49. Transporte urbano e movilidades**

**Artigo 50. Xestión e eficiencia da enerxía**

**Artigo 51. Contaminación lumínica**

**Artigo 52. Ruídos**

*CAPÍTULO 7. ZONAS VERDES E ESPAZOS PROTEXIDOS*

**Artigo 53. Espazos verdes**

**Artigo 54. Sinalización no contorno natural**

**Artigo 55. Sinalización de roteiros**

**Artigo 56. Uso das zonas verdes públicas**

**Artigo 57. Conservación de zonas verdes**

**Artigo 58. Protección de elementos vexetais públicos**

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



**Artigo 59. Protección do patrimonio natural**

**Artigo 60. Servizo de inspección**

**Artigo 61. Deber de colaboración**

**Artigo 62. Cooperación cidadá**

***CAPÍTULO 8 NORMAS DE USO E CONSERVACIÓN***

**Artigo 63. Normas xerais**

**Artigo 64. Limitacións**

**Artigo 65. Normas de conduta**

***TÍTULO III INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

***CAPÍTULO 1. INFRACCIÓNS***

**Artigo 66. Infraccións**

**Artigo 67. Infraccións leves**

**Artigo 68. Infraccións graves**

**Artigo 69. Infraccións moi graves**

**Artigo 70. Prescrición**

**Artigo 71. Sancións e obriga de repoñer**

**Artigo 73. Contía Sancións**

**Artigo 74. Prescrición**

**Artigo 75. Publicidade das sancións**

**Artigo 76. Competencia e procedemento sancionador**

***DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA*. Normas derrogadas**

***DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA***

***DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



***FUNDAMENTO***

A nosa contorna máis inmediata proporciona os recursos esenciais para a nosa vida e existencia e por iso é fundamental o seu coidado e preservación. Os Concellos teñen un reto moi importante na xestión do Medio Ambiente e na concienciación cidadá, tanto na utilización dos recursos, na xestión e separación dos residuos, no aforro enerxético, ou na contaminación da auga, do aire e do solo, e a súa repercusión no cambio climático como garantía de futuro.

As novas tendencias na Reforma do Goberno Local en España, indican que os concellos deben ter competencia para formular e aplicar unha política municipal para a protección do medio e o desenvolvemento sustentable da comunidade, e para someter á control preventivo tódalas actividades que se desenvolven no seu termo municipal e poidan afectar ao Medio Ambiente, adoptando as medidas necesarias para a súa protección.

Neste sentido as medidas de protección do Medio Ambiente, de xeito máis inmediato, contemplan minimizar a produción de residuos, separar a recollida, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro, entre outros, como garantía de calidade de vida e de benestar.

Para que esta protección se poida levar a cabo de xeito eficiente, debe contar co compromiso da cidadanía e coa participación e implicación de toda a comunidade, así os concellos deben promovelo e difundilo na comunidade escolar e universitaria, nas asociacións, empresas, institucións e nos medios de comunicación.

De forma específica, a participación ambiental é un proceso que posibilita a implicación directa dos cidadáns no coñecemento, na valoración, na prevención e na corrección dos problemas ambientais. E por iso, o fomento da educación ambiental e da participación cidadá ao respecto considerarase un obxectivo estratéxico que impregnará cada unha das actuacións que se desenvolven na xestión do medio rural e urbano a nivel municipal.

Toda esta actividade municipal e cidadá tería que articularse e potenciarse como unha contribución desución, precepto no que tamén se establece o deber de conservalo, como un xeito de solidariedade colectiva co medio.

Como idea previa hai que deixar clara a necesidade de ter en conta a variable ambiental nas distintas decisións e plans referentes ás políticas que desenvolva unha Administración Local

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

(Transporte público e mobilidade, desenvolvemento local, urbanismo e planificación territorial, turismo, comercio, participación cidadá, educación e infancia, etc), pois, non é incompatible o desenvolvemento da Cidade e a protección do medio urbano.

O debido coidado do noso contorno pode achegar moitas posibilidades de futuro para os territorios. Neste sentido, considérase necesario apostar por unha idea de vila entendida como un ámbito de vida saudable, equilibrada na ordenación do territorio, na que as persoas sexan o principal centro de interese da actuación municipal.

## *TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS*

### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación*

1.-A presente ordenanza ten por obxecto, no ámbito das competencias do Concello de Gondomar, a regulación, intervención e control administrativo de todas aquelas condutas, actividades, bens e recursos susceptibles de afectar á calidade ambiental, co fin de previr os posibles danos xerados ao contorno e sempre mediante unha actuación preventiva por parte do Concello, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

2.-No exercicio das competencias municipais, a presente Ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo en todo momento interpretarse e aplicarse de acordo coa lexislación vixente.

3.- Todas as persoas físicas ou xurídicas que residan ou utilicen os servizos públicos no termo municipal de Gondomar están obrigadas a cumprir o disposto na presente Ordenanza así como as disposicións que no seu desenvolvemento dite o Concello.

4.- Para aquelas actividades sometidas á obtención de licenza previa, as condicións sinaladas pola presente Ordenanza, serán orixinariamente esixibles, requiríndose para elo un informe técnico emitido polo servizo municipal competente. O devandito informe vinculante deberá especificar as condicións técnicas e medidas correctoras necesarias para o cumprimento das prescricións desta Ordenanza.

5.- Para acadar os obxectivos de sustentabilidade local, propoñemos con esta ordenanza, implicar á poboación e ao Concello, de forma conxunta, na procura de minimizar a produción de residuos, separar a recollida, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar

a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro.

***Artigo 2. Definicións***

***Para os efectos do disposto na seguinte Ordenanza entenderase por:***

*a)Medio Ambiente:*

É un sistema formado por elementos naturais e artificiais que están interrelacionados e que son modificados pola acción humana. Trátase do ámbito que condiciona a forma de vida da sociedade e que inclúe valores naturais, sociais e culturais que existen nun lugar e momento determinado, e que inflúe na vida do ser humano e nas xeracións vindeiras.

*b)Desenvolvemento Sostible:*

O modelo de desenvolvemento que "atende ás necesidades do presente sen comprometer a posibilidade de desenvolvemento das futuras xeracións."

*c)Transversalidade:*

O Medio Ambiente vese afectado por calquera acción ou actividade que se leve a cabo na administración, ten por tanto un marcado carácter transversal. Aféctanlle todas as áreas de goberno municipal e implica a todas as concellarías, polo que se deben aplicar a todas os postulados de preservación e conservación ambientais.

*d)Contaminación ambiental:*

É á presenza no ambiente de calquera axente (físico, químico ou biolóxico) ou ben dunha combinación de varios axentes en lugares, formas e concentracións tales que sexan ou poidan ser nocivos para a saúde, a seguridade ou para o benestar da poboación, ou ben, que poidan ser prexudiciais para a vida vexetal ou animal, ou impidan o uso normal das propiedades e lugares de recreación e gozo destes.

*e)Eficiencia enerxética:*

É a redución do consumo enerxético, sen diminuír a prestación do servizo, ben sexa por avances tecnolóxicos ou por melloras na xestión.

*f)Aceites vexetais usados:*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Os residuos de aceites vexetais propios das actividades de fritir domésticas ou dos bares, restaurantes, hoteis e outros servizos de restauración, así como os aceites de conservas. Non se inclúen aquí outras graxas alimentarias.

*g)Recollida separada:*

A recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo de natureza, para facilitar o seu tratamento específico.

*h)Recollida "porta a porta":*

É a recollida específica de caixas de cartón do pequeño comercio que se deixa pregado xunto aos colectores, despois da hora de peche do comercio, as 21:00H.

*i)Pilas:*

Residuos tóxicos e perigosos por conter substancias como mercurio, cadmio, litio, chumbo, que son sumamente tóxicas para a saúde e o ambiente. Teñen recollida especial. Non deben ir co lixo.

*j)Residuos comerciais:*

Os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

*k)Residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos:*

Aparatos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, a partir do momento en que pasan a ser residuos.

*l)Residuos de construción e demolición de obra menor:*

Calquera residuo que se xere nunha obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmoble , que non supoña alteración do volume, e que non precisa de proxecto asinado por profesionais titulados.

*m)Residuos de envases:*

Todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor.

*n)Residuos domésticos:*

*Residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*o)Biorresiduos:*

Residuos biodegradables de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda polo miúdo; así como, residuos comparables procedentes de plantas de procesado de alimentos.

*p)Compost:*

Abono orgánico obtida a partir do tratamento biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente. Non se considerará compost o material orgánico obtido das plantas de tratamento mecánico biolóxico de residuos mesturados, que se denominará material bioestabilizado.

*q)Composteiro:*

Refírese ao colector recinto ou espazo que nos permite a transformación de residuos orgánicos en esterco ou compost. Normalmente están fabricados en plástico aínda que tamén os hai de madeira, metálicos ou tamén, residuos orgánicos empilados ao aire libre.

***Artigo 3.—Residuos urbanos ou municipais***

1.- Son residuos urbanos ou municipais os producidos no termo municipal e definidos como tales na lexislación vixente, é dicir, os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Así mesmo, teñen tal consideración:

- Os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas.
- Os procedentes de mercados, feiras, festexos ou actos similares.
- Os residuos e entullo procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria (ata un máximo de 50Kg).
- Os móbeis e utensilios desbotados (voluminosos)
- Animais domésticos mortos
- Vehículos abandonados

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



2.- Consonte a lexislación vixente, o Concello de Gondomar está obrigado a implantar sistemas de recollida selectiva e a realizar todas as operacións de xestión dos residuos municipais que inclúen a recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais.

***Xestión dos residuos urbanos ou municipais.*** O obxectivo é acadar a redución, a reutilización e a reciclaxe-compostaxe, así como potenciación dos servizos de limpeza viaria e a implicación cidadá para estes labores.

***Artigo 4.—Residuos excluídos***

Están excluídos os residuos que non son definidos como municipais ou urbanos, os cales deberán ser entregados a un xestor autorizado polos seus donos ou posuidores por non ser de competencia municipal. Non obstante o sinalado no artigo anterior, ao abeiro da lexislación vixente, e sempre que se trate de residuos distintos aos xerados nos domicilios particulares tanto en cantidade como en calidade, o Concello, poderá, por motivos xustificados, obrigar aos seus produtores ou posuidores a xestionalos por si mesmos. Asemade poderá obrigar aos posuidores ou produtores a que adopten as medidas necesarias para eliminar ou reducir, na medida do posíbel, aquelas características que presenten ou que os fagan perigosos ou que dificulten a súa recollida, transporte ou aprobeitamento, ou que os depositen en forma e lugar axeitados. Para o resto de definicións estaráse ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo de residuos e solos contaminados e normativa que a desenvolva.

***Artigo 5. Outros residuos***

**Residuos de construción e demolición (RCD)**

Nas obras pódense xerar diferentes residuos perigosos que deben recollerse e tratarse por separado mediante o seu envío a xestores autorizados. Entre os materiais e substancias que poden encontrarse entre os RCD e que poden ter algunha característica de perigosidade, cabe destacar: aditivos de formigón (inflamable), adhesivos, másticos e sellantes (inflamable, tóxico ou irritante), emulsións alcatranadas (tóxico, canceríxeno), materiais a base de amianto, en forma de fibra respirable (tóxico, canceríxeno), madeira tratada con funxicidas, pesticidas, etc. (tóxico, ecotóxico, inflamable), revestimentos ignífugos haloxenados (ecotóxico, tóxico, canceríxeno), equipos con PCB (ecotóxico, canceríxeno, luminarias de mercurio (tóxico, ecotóxico), sistemas con CFCs, elementos a base de xeso (fonte posible de sulfhídrico en

vertedoiros, gas tóxico e inflamable), envases que contivesen substancias perigosas (disolventes, pinturas, adhesivos, etc.).Os RCD deben ser entregados a un xestor, salvo no caso de materiais inertes procedentes de pequenas obras domésticas (ata un máximo de 50Kg) que podes entregarse no Punto Limpo, agás os residuos de amianto ou asbesto, que serán xestionados.

A mestura de residuos perigosos con non perigosos está expresamente prohibida na Lei de residuos dado que, ademais de supoñer un risco para a saúde humana (en particular para os operarios da obra ou das plantas de tratamento de residuos) e para o medio, pode ocasionar que un volume grande de residuos non perigosos se converta en residuos perigosos dunha xestión máis complexa e de maior custe.

O Concello, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con asociacións ou sistemas integrados de xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos especiais tales como téxtiles, aceites usados, teléfonos móbiles, madeira, etc, instalando colectores ou puntos de recollida e realizando as campañas informativas correspondentes.

***Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE)***

Este tipo de residuo, polas súas características e pola súa proliferación, réxese por unha normativa específica a nivel europeo, a Directiva 2022/96/CE sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE). Esta Directiva traspúxose ao marco normativo estatal mediante o Real Decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, actualmente regulado en el Real Decreto 110/2015 de residuos de aparatos eléctricos y electrónicos..

***Biorresiduos***

O Concello facilitará, na medida do posible, que os residuos orgánicos (residuos da cociña, palla, ramas, follas, esterco, etc.) sexan aproveitados como materia prima para a produción de compost, ben a escala doméstica, agrícola, comercial ou industrial, de xeito que diminúa a cantidade de residuos producidos e trasladados a planta de Sogama.

Os biorresiduos domésticos son os residuos orgánicos biodegradables de orixe vexetal e/ou animal, susceptibles de degradarse bioloxicamente, xerados no ámbito domiciliario e comercial (sempre que estes últimos sexan similares aos primeiros).

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Os biorresiduos segundo a súa natureza divídense en:

— *Residuos orgánicos de orixe alimentaria e de cociña (inclúense os de transformación de alimentos).*

— *Residuos vexetais ou Fracción Vexetal (FV)* procedentes das zonas verdes e vexetación privadas e públicas.

Dende unha perspectiva da xestión dos residuos orgánicos domésticos constan seguintes fraccións:

— *Fracción Orgánica (FO).* Cando se recolle de forma separada utilízase o termo FORS (fracción orgánica de recollida separada). Está constituída por:

Restos da preparación da comida ou manipulación e elaboración dos produtos alimentarios, restos sobrantes de comida, alimentos en mal estado e excedentes alimentarios que non foran comercializados ou consumido (separados do seu envase ou embalaxe).

— *Fracción Vexetal* en forma de restos vexetais de pequeno tamaño e de tipo non leñoso procedentes de xardinaría e poda (ramos de flores murchos, malas herbas, céspede, pequenas ramas de poda, follaxe, etc.). Esta fracción vexetal, considerada como similar aos FORS, pode xestionarse tamén "in situ" ou de forma independente aos restos de comida, segundo a configuración dos servizos de recollida e os niveis de xeración.

*Residuos de Poda:* constituídos pola Fracción Vexetal en forma de restos vexetais de xardinaría e poda de maior tamaño e de tipo leñoso. Polas súas características require unha xestión específica por cuestións relacionadas con loxística de recollida, o tratamento e a temporalidade de xeración (frecuencia e período).

*Os biorresiduos domésticos,* sempre que sexa posible, deben ser compostados, e non deben ir ao colector, dado que por ser biodegradables son susceptibles de empregarse como abono de horta e xardíns.

***Pilas, acumuladores e baterías***

Este tipo de residuos, polas súas características e pola súa proliferación, réxense por unha normativa específica a nivel europeo, a Directiva 2006/66/CE, que se traspuxo ao marco normativo estatal mediante o Real Decreto 106/2008, da 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos e o Real Decreto 943/2010, do 23 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 106/2008. Esta normativa incorpora o principio de

«quen contamina paga» e de responsabilidade do produtor, de maneira que os produtores que poñen por primeira vez este produto no mercado, como os fabricantes, importadores ou adquirentes intracomunitarios, están obrigados a facerse cargo da recollida e xestión da mesma cantidade, en peso e tipo, das pilas e baterías que puxeran no mercado. Este grupo de residuos son xestionados a través de sistemas integrados de xestión/ sistemas colectivos de responsabilidade ampliada, de maneira que os seus produtores deben financiar a súa xestión e reciclado unha vez se converten en residuos e son as entidades xestoras destes sistemas quen deben desenvolver circuítos de recollida separada e transporte.

A normativa afecta a todo tipo de pilas, acumuladores e baterías, independentemente da súa forma, volume, peso, composición ou uso:

— Pilas botón

— Pilas estándar

— Acumuladores portátiles

— Pilas, acumuladores e baterías de automoción

— Pilas, acumuladores e baterías industriais

***Outros tipos***

Inclúe tamén as pilas, acumuladores e baterías procedentes dos vehículos ao final da súa vida útil e dos aparatos eléctricos e electrónicos. As únicas excepcións son as pilas, acumuladores e baterías utilizados en equipos concibidos para fins militares ou destinados a ser enviado ao espazo que quedan excluídos desta normativa.

***Residuos sanitarios***

Todos os residuos, calquera que sexa o seu estado, xerados en centros sanitarios e veterinarios, incluídos os envases e residuos de envases que os conteñan ou os contivesen.

A xestión incorrecta dos residuos sanitarios, e en concreto dos que son perigosos, pode liberar ao medio substancias que resultan daniñas para os organismos vivos. Por iso, a normativa básica sobre residuos establece a obriga de xestionar os residuos perigosos axeitadamente a través da súa correcta identificación, separación, almacenamento e entrega a unha xestor autorizado para o seu posterior tratamento e/ou eliminación.

***Amianto***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Os residuos de amianto (asbesto) ou materiais que o conteñan como o fibrocemento (uralita) por ser residuos perigosos non poden ser xestionados polo Concello, nin nos colectores de lixo, nin no Punto Limpo. Serán manipulados conforme ao Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. Estes residuos deberán ser xestionados por xestores autorizados, almacenados e transportados en embalaxes pechados apropiados e con etiquetas regulamentarias que indiquen que conteñen amianto, para seren tratados posteriormente conforme á normativa aplicable sobre residuos perigosos. Todas as empresas que vaian realizar actividades ou operacións incluídas no ámbito de aplicación do devandito Real Decreto deben estar inscritas no rexistro de empresas con risco por amianto.

***Lamas de depuradora***

Son os residuos xerados nas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) e como tales produtores de residuos deben asegurar a súa correcta xestión que poden realizar directamente, ou encargala a xestores autorizados. Todo isto conforme ao establecido na Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. A orientación da súa xestión debe realizarse respectando os principios da política de residuos relativos á protección do medio e a saúde humana, e aplicando a xerarquía nas opcións de xestión priorizando a prevención sobre o reciclado, e outros tipos de valorización incluída a energética, deixando en último lugar o depósito en vertedoiro.

***Artigo 6.—O Punto limpo***

Recinto situado no lugar denominado "Regato de Padróns", en, A Pasaxe, Vincios, que serve para que os cidadáns poidan depositar nel aqueles residuos para os que é preciso unha xestión específica, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou pola súa composición (pilas, disolventes e outros materiais perigosos), e para os cales non existe colector na vía pública.

Os obxectivos principais desta instalación son:

Recuperar os materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe, coma o papel, vidro, metais, etc.

Evitar o vertido incontrolado de escombros e residuos voluminosos coma mobles ou electrodomésticos.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o medio ambiente coma os medicamentos, pilas, pinturas, etc.

**Residuos que pode depositar no punto limpo son:**

- Papel e Cartón
- Vidro
- Cristal
- Plásticos de diferentes tipos
- Metais
- Téxtil
- Voluminosos, interior de vivenda (Mobles, Portas, Colchóns, Estufas de gas, Ferralla...)
- Equipos electrodomésticos, electrónicos e informáticos..
- Entullos de construción procedentes de obras menores (Máximo 50Kg).
- Calquera residuo que, polo seu tamaño non poida depositarse nos contedores da rúa
- Sprays
- Tubos fluorescentes
- Pilas
- Baterías
- Aceites usados
- Medicamentos
- Radiografías
- Termómetros

**Residuos que non pode levar a un punto limpo:**

- Materia orgánica: usualmente a súa recollida selectiva está prevista para ser levada a cabo a través de contedores específicos instalados nas rúas
- Residuos industriais de grandes e medianas empresas

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

— Restos de vehículos e maquinaria (Rodas, Defensas, Asentos...)

— Material hospitalario

— Residuos de amianto

— Residuos radioactivos

Non se poderán depositar residuos fóra das instalacións do Punto Limpo, nin fóra do horario de apertura do mesmo.

Os residuos que xeramos son unha importante perda de recursos e de enerxía. A súa xestión, eliminación ou tratamento son aspectos directamente relacionados coa sustentabilidade e a degradación do Medio Ambiente. Unha correcta xestión dos RSU debe ter como obxectivo pimordial a reduccións dos mesmos, a rigorosidade no seu tratamento, así como o fomento da súa reutilización e valorización.

***Artigo 7. Vertidos e vertedoiros incontrolados***

1.- Queda prohibido no ámbito do termo municipal o depósito e vertido de lixos e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais dedicadas a tal fin.

2.- Todo vertedoiro clandestino será clausurado sen prexuízo das sancións que se puidesen impoñer.

3.- Igualmente, calquera persoa física ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións recollidas na presente ordenanza.

***Artigo 8. Normas do Concello***

1.- O Concello, a través dos servizos técnicos, da inspección municipal ou dos axentes da Policía Local, denunciará aquelas infraccións que se produzan en relación ao depósito de residuos co obxecto de conseguir unha óptima separación en orixe e a recollida selectiva no colector que lle corresponda, así como para controlar o depósito de lixo en zonas e lugares non habilitados a tal efecto, principalmente no caso de vertidos incontrolados.

2.- O Concello poderá elaborar guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



*3.-* O Concello poderá coordinar todas as súas accións de educación e sensibilización ambiental en torno a unha soa delegación ou organismo municipal para maior coherencia e eficacia.

*4.-* O Concello de Gondomar promoverá a colaboración cidadá para unha óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

*5.-* A Policía Local velará polo cumprimento desta ordenanza, inspeccionando as actividades e condutas que a contraveñan. Artigo 8. 1. d), (Función de Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia) e Art. 8. 3. b, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais (Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, o medio ambiente, a saúde e a muller)

***Artigo 9. Normas xerais***

**Serán de aplicación a todos os residentes no Concello de Gondomar, se non se especifica o contrario,**

a) Minimizar a produción de residuos, separar a recollida do lixo, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro.

b) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal forma que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e colectores.

c) Separar os residuos e depositar estes nos colectores ou puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coa presente Ordenanza.

d) Separar os residuos orgánicos (vexetais ou restos de comida) na medida que poidan ser destinalos a súa compostaxe.

e) Cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*f)* Comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía ou espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construción e demolición, etc.

***Artigo 10. Prohibicións***

***Queda prohibido:***

a) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares diferentes aos especificados polo Concello.

b) Depositar residuos en colectores que non lle corresponda, contravindo o disposto na presente Ordenanza.

c) Depositar restos de poda ou outros residuos de xardinería nos coletores de lixo.

d) Depositar nas papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos residuos distintos dos de pequeno volumen, tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascas e desperdicios semellantes.

e) Manipular colectores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de colectores e desprazalos fóra das súas situacións.

f) Utilizar os colectores para fins distintos aos previstos na presente Ordenanza.

g) Depositar nos colectores municipais residuos industriais que deban ser xestionados.

h) Deixar na vía pública a terra das rodas dos vehículos que efectúen obras de desterre de solares.

*i)* Facer queimas agrícolas en terreos do casco urbanos afectando as fachadas de edificios próximos.

***TÍTULO II RESIDUOS***

***CAPÍTULO 1. RECOLLIDA DE RESIDUOS***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



***Artigo 11. O servizo de recollida***

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

a) Baleirado dos colectores e devolución destes aos seus puntos orixinarios.

b) Traslado dos residuos dos puntos de recollida e baleirado destes nos vehículos de recollida.

c) Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión axeitadas.

d) Retirada dos restos vertidos a consecuencia das anteriores operacións.

e) Mantemento, lavado e reposición dos colectores e outros puntos de recollida municipal, con excepción daqueles colectores que sexan de uso exclusivo.

*f)* Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

***Artigo 12. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos***

1.- Os produtores e posuidores iniciais dos residuos domésticos e comerciais de competencia municipal son responsables de entregalos para a súa correcta xestión. A súa responsabilidade conclúe cando os entreguen nos termos previstos na presente ordenanza e no resto de normativa aplicable.

2.- Os produtores e posuidores de residuos comerciais non perigosos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais, son igualmente responsables da súa correcta xestión. A tal fin deberán:

a) Manter os residuos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder;

b) Entregar os residuos en condicións axeitadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.

c) Dispoñer do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

3.- En caso de incumprimento polo produtor ou posuidor das obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos, o Concello poderá rexeitar a súa recollida.

***Artigo 13. Depósito de residuos***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



1.- Os cidadáns están obrigados á separación de residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como recollidas separadas se establecen na presente ordenanza e ao seu depósito nos colectores, lugares e horarios establecidos para o efecto.

2.- O Concello levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dunha ou varias das seguintes modalidades:

a)Porta a porta, entendendo como tal o depósito de caixas de cartón do pequeno comercio na vía pública, preto dos colectores ou nos lugares establecidos polo Concello, despois da hora de peche do comercio, e nun horario que se consensuará cos representantes do sector debendo depositar as caixas e cartóns pregados o máximo posible para a súa recollida específica.

b) Colectores para cada fracción de residuos debidamente identificados.

c) Puntos limpos.

d) Outros sistemas que, se é o caso, se poidan establecer, (como p.ex. a compostaxe comunitaria de residuos orgánicos).

***Artigo 14. Recollida separada***

Os cidadáns deberán segregar para a súa recollida separada as seguintes fraccións de residuos:

— Vidro

— Envases lixeiros (envases de plástico, de metal ou de cartón para bebidas tipo brik).

— Papel e cartón (envases de papel-cartón e papel non envase)

— Aceites vexetais usados (biorresiduo)

— Aceites minerais de automoción. (cambio de aceite particular)

— Roupa e calzado usados e en bo estado.

— Residuos de medicamentos e os seus envases.

— Pilas.

— Fracción Resto.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

— Animais mortos.

— Voluminosos: mobles e aparellos interiores de vivenda.

— Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e, no seu caso, segundo categorías:

— Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.

— Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores.

— Residuos sanitarios asimilables a urbanos.

— Podas e outros residuos de xardinaría e restos de comida (biorresiduo)

***Artigo 15. Tipos de Colectores e residuos***

***1.- Colector de vidro***

Os residuos de vidro deberán depositarse nos colectores identificados para tal fin.

1.- No caso de botellas, botes e outros recipientes, os cidadáns deberán baleirar estes recipientes co obxecto de eliminar os restos de substancias que puidesen quedar así como separar tapas metálicas, tapóns de plástico ou outros residuos que inicialmente fosen parte do envase e depositalos no colector de envases.

2.- Non depositar Cristais como as vaixelas: vasos, copas, etc (conteñen óxido de chumbo).

Materiais que non deben depositarse no colector de vidro:

3.- O depósito de vidro fora do colector ou en colector non específico deste material poderá ser motivo de sanción.

*Materiais que deben depositarse no colector de vidro:*

— Botes e botellas de vidro de calquera cor

— Tarros de cosmética e perfumaría

— Frascos de conservas

— Artigos de vidro, agás espellos, vaixelas, e vidro planar

***Materiais que NON deben depositarse no colector de vidro:***

— Cristal de fiestras, parabrisas automóbil

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

— Bombillas eléctricas,

— Fluorescentes

— Os Cristais (conteñen óxido de chumbo) como as vaixelas: vasos, copas, etc.

***2.- Colector de envases lixeiros (Colector amarelo)***

1.- Os residuos de envases lixeiros deberán depositarse nos colectores identificados a tal fin.

2.- No caso de botellas de plástico, botes, latas e outros recipientes que contivesen restos de materia orgánica, como restos alimenticios, os cidadáns deberán baleirar completamente con carácter previo estes recipientes co obxecto de eliminar calquera resto destas substancias.

3.- O depósito de envases fora do colector ou en colector non específio deste material será motivo de sanción.

***Materiais que deben depositarse no colector amarelo:***

— Envases lixeiros

— Latas de conservas de aceiro ou aluminio

— Latas de bebidas de aceiro ou de aluminio

— Bandexas e envoltorios de aluminio

— Tapas, tapóns, chapas

— Cartóns de leite, batidos, zumes, cremas, etc.

— Botellas de plástico de augas, aceite, iogur, zumes

— Envases de plástico, metálicos, de produtos lácteos, tales como iogures, manteiga, queixo, etc.

— Oveiras de plástico

— Botes de plástico de produtos de hixiene persoal, tales como cremas, xel de baño, pasta de dentes

— Botes de plástico de produtos de limpeza doméstica, tales como deterxentes, lixivia, suavizantes

— Bolsas de plástico (agás as bolsas negras para o lixo)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



— Bandexas de plástico e filme plástico de envasado de alimentos, redes de envoltoiros de froitas, bolsas finas, bandexas de porexpan.

***3—Colector de papel e cartón***

1.- Os residuos de papel e cartón limpos deberán depositarse, o máis pregados posible, no colector identificado a tal fin. En particular as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma axeitada para a súa introdución e disposición nos colectores.

2.- Con carácter previo ao seu depósito os cidadáns deberán eliminar destes residuos todo resto metálico, de plástico así como de papel e cartón sucio, debendo depositar estes restos de acordo co disposto na presente ordenanza para a fracción resto.

3.- Os establecementos comerciais que utilicen o servizo de recollida porta a porta de papel cartón, deberán depositar estes residuos, o máis pregados posible, ao lado dos contedores, e en horario despois do peche dos comercios, sendo falta grave o depositalos antes desa hora.

4.- O depósito de papel ou cartóns fora do colector ou en colector non específico deste material será motivo de sanción. Agás no caso do servizo porta a porta deste material, que se regula no punto anterior.

***Materiais que deben depositarse no colector de papel:***

— Papel e cartón (non manchado e sen plásticos e metais)

— Revista e xornais

— Libros, cadernos, libretas (sen o arame), folios, carpetas, cartolinas Caixas de cartón

— Bolsas de papel

— Oveiras de cartón

***4—Colector verde de RSU ou Fraccións resto (o que non vai no colector específico)***

— Materia orgánica (se se pode deberase reciclar ou compostar)

— Restos de comidas, agás aceites vexetais usados

— Cueiros

— Papel de cociña, de celofán

— Papel hixiénico

— Papel sucio, manchado de graxa, de comida

— Pratos, vasos de plástico e de papel, usados e/ou manchados

— Panos da mesa de papel

— Bolígrafos, rotuladores

— Cepillos de dentes

— Xoguetes non electrónicos e sen pilas

— Luvas de goma

— Perchas

— Tixolas, cazolas, potas e outros elementos de enxoval similares

***5—Colector de Aceites vexetais usados***

Son depósitos metálicos específicos para aceite de cociña usado, que se atopan ancorados ao chan, nos lugares acordados polo Concello e a empresa de recollida deste residuo.

1.- Está prohibido verter aceites usados polos desaugadoiros, debendo depositalo nos colectores existentes na rúa para tal fin.

2.- Os cidadáns verterán os aceites vexetais usados no colector identificado a tal fin, ben no punto limpo, sen que se derrame o seu contido na vía pública.

3.- Os titulares de restaurantes, bares, hoteis e outros servizos de restauración deberán dispoñer de colectores axeitados para a vertedura de aceites vexetais usados e entregalos a xestor autorizado.

4.- O depósito de aceite ou envases de aceite fora do colector ou en colector non específico deste material será motivo de sanción.

***Artigo 16. Aceites minerais usados***

Os cidadáns poderán depositar os aceites minerais usados procedentes dos seus vehículos particulares en envases de plástico pechados de ata 5 litros e en horario de funcionamento do punto limpo.

***Artigo 17. Roupa e calzado usados***

Os cidadáns depositarán a roupa e calzado usados en bolsas de plástico pechadas:

a) No colector sinalizado a tal fin.

b) No punto limpo.

*c)* Nos locais de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro ou nos colectores para a súa reutilización, sempre fosen previamente autorizadas polo Concello para a recollida de roupa e calzado usados.

***Artigo 18. Residuos de medicamentos e os seus envases***

Os medicamentos caducados, os medicamentos en desuso, os restos de medicamentos, e os seus envases serán entregados polos cidadáns nos puntos de recollida SIGRE, das farmacias locais.

***Artigo 19. Pilas***

As pilas usadas por ser residuos tóxicos e perigosos deberán ser depositadas polos cidadáns en:

a) Nos centros distribuidores, nos centros comerciais ou nos colectores debidamente sinalizados que se poderán localizar na vía pública, e nunca nos demais colectores, por tratarse de residuos perigosos.

b) No Punto Limpo.

Terán tamén a consideración de residuos domésticos:

1.- Os similares aos anteriores xerados en comercios, servizos e industrias.

2.- Os que se xeren nos fogares de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e aparellos, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

3.- Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

4.- Os Residuos industriais non perigosos xerados pola industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos ou municipais.

c) O resto dos residuos industriais e comerciais estarán obrigados/as a entregalos a un xestor ou xestora autorizado para o seu tratamento. Non pode realizarse no termo municipal a eliminación de residuos mediante a súa incineración.

### *Artigo 20. Animais de compañía*

1.- O posuidor dun animal deberá recoller as deposicións evacuadas por éste na vía pública e os espazos públicos e depositalas nos colectores de residuos orgánicos.

2.- Os propietarios ou posuidores de animais de compañía deberán contar con identificación definitiva con microchip independentemente da súa raza ou condición (obrigatorio desde o 2 de xullo de 2003, tal e como se recolle na disposición transitoria segunda do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro) sendo os responsables dos danos e prexuízos ocasionados polos mesmos.

3.- Os animais domésticos deberán atoparse nas axeitadas condicións hixiénico-sanitarias cos tratamentos preventivos obrigatorios, proporcionarlle un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico, para o seu benestar e para a saúde pública, proporcionarlle a alimentación, a auga e os coidados necesarios, así como a seguridade, en prevención de danos a persoas e ao contorno.

4.- Queda expresamente prohibida a entrada de cans e doutros animais en locais ou recintos de espectáculos públicos, deportivos e culturais, piscinas abertas ao público e parques infantís, etc, salvo no caso de cans guía de invidentes e de persoas discapacitadas, ou os que conten coa debida autorización.

5.- As persoas que paseen animais domésticos polas rúas deberán evitar causar molestias ás persoas, penetrar no céspede ou zonas axardinados, nos estanques ou fontes ou escorrentar paxaros ou outros animais.

6.- Nas vías públicas os cans terán que ir provistos de bozo, salvo naqueles casos en que pola súa natureza e características sexa razoablemente previsible a súa falla de perigo. En todo caso, irán conducidos por persoa capaz e idónea, suxeitos con cadea, correa ou cordón resistente e colar onde porten a medalla do control sanitario e a chapa identificadora co nº do microchip o nome do can e a identificación do propietario.

7.- Queda expresamente prohibida a entrada de cans e calquera outro animal de compañía nos parques infantís ou onde existan instalacións para xogos de nenos e nenas. O Pleno de

Gondomar poderá establecer, de xeito motivado, outras áreas onde se restrinxa total ou parcialmente a entrada aos animais de compañía.

8.- Os animais potencialmente perigosos regularanse polo establecido na Lei 50/1999 de 23 de decembro e Real Decreto 287/2002 de 22 de marzo a nivel estatal e Decreto 90/2002 de 22 de febreiro a nivel autonómico, deberán ter licenza administrativa.

9.- Os danos e molestias ocasionadas a bens e persoas por estes animais, serán reparados, corrixidos ou compensados polo dono do animal.

10.- Os axentes municipais ou, se é o caso, o Servizo Municipal de Inspección Ambiental, están facultados para esixir ao propietario ou posuidor do animal o cumprimento das obrigas previstas nos artigos anteriores.

***Artigo 21. Animais mortos***

1.- Queda prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos.

2.- Os propietarios de animais mortos así como os titulares de clínicas veterinarias deberán entregar estes a xestor autorizado.

3.- Animais de compañía, (que non teñen como destino o consumo ou alimentación) mortos, teñen a categoría de residuos urbanos e depositaranse en bolsa pechada no colector de orgánicos RSU.

4.- Os animais mortos ou residuos destes animais de explotacións gandeiras rexeranse polo Decreto 4/2008, de 10 de xaneiro de recollida e transporte de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

5.- Quedan excluídos da recollida os residuos procedentes de matanzas domiciliarias, os cales non poden ir ao colector do lixo, debendo ser xestionados ou compostados cos residuos orgánicos.

***Artigo 22. Uso dos Colectores***

1.- Para o cumprimento da súa obriga de recollida de residuos, o Concello colocará colectores das diferentes tipoloxías para o depósito das correspondentes fraccións en función da poboación a que afecten. A súa situación realizarase de tal xeito que, sen alterar en exceso a

estética do contorno, non dificulten o tráfico nin as manobras de aparcamento dos vehículos, ocupando a mínima superficie posible.

2.- Queda prohibido desprazar os colectores e alterar as localización así como calquera manipulación nestes que puidese dar orixe a situacións perigosas ou que dificulte a recollida por parte do persoal autorizado.

3.- Queda prohibido depositar residuos de calquera tipo soltos ou en bolsas fóra do colector correspondente ou na vía pública, agás o cartón do servizo de recollida "porta a porta" do pequeno comercio que se debe deixar limpo, pregado e libre de outros residuos, xunto aos colectores, despois da hora de peche do comercio en nun horario que se consensuará cos representantes do sector.

4.- Queda prohibido depositar residuos ordinarios de forma non separativa nas correspondentes fraccións, en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos na vía pública para outra clase de residuos (colectores de obras, etc.).

5.- En calquera dos supostos anteriores, o Concello determinará a situación dos distintos colectores na vía pública atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para os usuarios e de saúde e seguridade públicas.

6.- Cando o servizo de recollida de residuos se preste por calquera das formas de xestión indirecta, (empresa concesionaria) será responsabilidade do concesionario o seu mantemento, lavado e correcta reposición.

***Artigo 23.—Normas de utilización dos Colectores***

***Deberán observarse as seguintes normas de uso:***

a) Para cada fracción de residuos ordinarios, utilizarase o colector correspondente. Non depositar os residuos no colector correspondente será considerado falta leve.

b) Os residuos depositaranse en bolsa pechada. Depositar os residuos directamente será considerado falta leve.

c) Utilizaranse os colectores máis achegados ao lugar de produción. Se un colector se atopase cheo, os residuos depositaranse no colector máis próximo para idéntica fracción de residuos, evitando os desbordamentos.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

d) En xeral, os residuos de gran tamaño partiranse ou dobraranse para que ocupen o menor volume posíbel antes de depositalos no colector correspondente.

e) O Servizo Municipal de Limpeza depositará os residuos procedentes da limpeza manual de rúas e do baleirado de papeleiras no colector de restos.

f) Cumprirase cos horarios de depósito estabelecidos nesta ordenanza.

g) Deberase pechar a tapa do colector logo de depositar os residuos; nunca deberá deixarse aberta, evitando así a dispersión de residuos e a entrada de auga ou animais.

2.- Queda expresamente prohibido:

a) Depositar bolsas ou residuos soltos fóra do colector ou na vía pública.

b) Depositar residuos ordinarios sen os separar nas correspondentes fraccións, en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos na vía pública para outra clase de residuos (obras, etc.).

c) Depositar os residuos en horario distinto ao sinalado polo Concello.

d) Depositar residuos ordinarios nos colectores non homologados polo Concello

e) Introducir nos colectores residuos voluminosos do fogar, residuos de construción e demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos ao colector.

f) Depositar nos colectores situados na vía pública algún dos residuos definidos como excluídos no artigo 4 desta ordenanza.

g) Depositar residuos líquidos ou susceptíbeis de se licuaren así como aqueles que poidan producir lixiviación nos colectores ou na vía pública. Do mesmo xeito, depositar materiais en combustión ou que conteñan elementos inflamábeis, explosivos, nocivos ou perigosos.

h) Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, agás no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida "Porta a Porta" e fora do horario establecido.

i) Depositar residuos da fracción resto ou envases sen bolsa nos colectores, no interior de caixas ou paquetes ou a granel.

j) Depositar residuos industriais e comerciais cando son de obriga a súa entrega a un xestor/a autorizado para o seu tratamento.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



### *Artigo 24.—Horario para depósito de residuos nos colectores*

Os residuos domiciliarios deberanse colocar nos colectores da vía pública para a súa recollida polo servizo municipal no casco urbano de Gondomar a partir das 21.00 horas, nos meses de verán, e a partir das 18.00 horas o resto do ano, nos días en que se realice a recollida consonte o estabelecido no parágrafo seguinte.

A recollida dos residuos polo servizo municipal realizarase todos os días da semana exceptuando domingos e festivos, exceptuando o 24 e o 31 de decembro e os festivos locais que anualmente se establezan.

Nas parroquias e núcleos rurais a recollida realizarase de acordo co prego de condicións establecido coa empresa concesionaria do servizo de recollida.

Concello poderá estabelecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

## *CAPÍTULO 2. RESIDUOS AGRARIOS*

### *Artigo 25. Estercos e xurros*

1. A xestión dos estercos e xurros, entendidos como fertilizantes orgánico-minerais, realizarase de acordo co establecido no Código de Boas Prácticas Agrarias, evitando a contaminación das augas e debendo en todo caso cumprirse o disposto na lexislación vixente que lle sexa de aplicación en caso de maiores limitacións.

1.1. En caso de existir cursos de auga deberase:

a) Deixar unha franxa mínima de 10 metros de ancho sen fertilizar xunto a todos os cursos de auga. Os sistemas de fertirrigación traballarán de modo que non haxa goteo ou pulverización a menos de 10 m de distancia dun curso de auga, ou que a deriva poida acadalo.

b) Para reducir o risco de contaminar augas subterráneas, os efluentes e refugallos orgánicos non se deben aplicar a menos de 35-50 m dunha fonte, pozo ou perforación que subministre auga para o consumo humano ou se vaia a usar nos sistemas de muxidura. Nalgúns casos pódese necesitar unha distancia maior.

c) As distancias neste apartado reduciránse a 2 metros se a fertilización é para a obtención de produtos para o autoconsumo.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



1.2. En caso de existir vivendas:

a) Deixar unha franxa mínima de 10 metros de ancho sen fertilizar separado do linde da parcela na que se sitúa a vivenda.

b) De usar xurros con produtos ou tratamentos específicos para evitar os malos cheiros, poderase abonar ata o linde da parcela propia.

c) A distancia neste apartado reducirase a 1 metro se a fertilización é para a obtención de produtos para o autoconsumo.

2.- En canto ás instalacións que albergan os estercos, xurros, silos ou análogos deberán cumprir as distancias indicadas na Lei do Solo de Galicia e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Gondomar,

3.- No caso de rulos plastificados ou silos provisionais de plástico, a distancia mínima a vivendas, será de 50 metros, agás a vivenda propia.

***Artigo 26. Plásticos agrícolas***

1.- Os plásticos agrícolas serán recollidos polo Concello, a través dunha empresa xestora, previa coordinación coas Concellerías de Agricultura e Medio Ambiente, e non deben depositarse nos colectores de lixo, o cal constitúe infracción leve.

2.- Unicamente se recollerán os plásticos cando estean libres de silo ou de terra e teñan retirados os cordeis. Así mesmo, presentarse dobrados e atados para facilitar a súa carga, e recolleranse en data e forma establecida polo Concello.

3.- En ningún caso se poderá facer queima de plásticos, por producir substancias daniñas e perigosas para a saúde humana e dos animais, o cal constitúe unha infracción.

***Artigo 27. Envases de fitosanitarios, herbicidas, fitotóxicos, sulfatos***

Os envases ou recipientes que contiveran herbicidas, pesticidas, praguicidas ou residuos perigosos empregados na actividade agraria ou gandeira, non poderán depositarse nos contedores xenéricos. A súa recollida farase a través dos sistemas integrados de xestión (SIGFITO) situados nos puntos de venta.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



***Artigo 28. Limpeza de terreos e soares***

Os soares ou terreos particulares que teñan risco de incendio deberán estar limpos de acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, asi como a Ordenanza Municipal de Seguridade, Salubridade, Hixiene, Habitabilidade e ornato de 2012 (BOP de 6 de xullo de 2012).

Os vehículos que se usen para o desterre dunha obra, deben limparse antes de saír da mesma, evitando deixar restos de terra na vía pública.

***Artigo 29. Subsidiariedade dos traballos de limpeza por parte do Concello***

1.—O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza, recollida e transporte que segundo esta ordenanza corresponda efectuar directamente ás persoas físicas ou xurídicas, imputándolles o custo dos servizos prestados e sen prexuízo das responsabilidades e sancións que correspondan en cada caso.

***CAPÍTULO 3. SERVIZO DE RECOLLIDA ESPECIAL***

***Artigo 30. Residuos de mercados***

1.- Os participantes nas Feiras e Mercados están obrigados a separar de forma selectiva os residuos xerados pola actividade de mercado polo menos nas fraccións seguintes:

a) Cartón.

b) Envases

c) Materia orgánica

d) Madeira

e) Resto.

A tal fin cada unidade comercial dispoñerá de colectores diferentes.

2.- Cada dependente, á hora do peche do Mercado, deixará depositado en bolsas pechadas os correspondentes residuos por separado, de xeito que poidan depositarse no colector correspondente.

3.- O titular ou, no caso de mercados municipais, o concesionario de cada unidade comercial será responsable da correcta xestión dos residuos xerados pola actividade de mercado, entregándoos ou separadamente para a súa correcta xestión.

***Artigo 31. Limpeza de terrazas instaladas na vía pública***

Os propietarios ou encargados da xerencia de establecementos con aproveitamento sobre o dominio público municipal, (terrazas na rúa) ademais das taxas reguladas na ordenanza correspondente, teñen a obriga de manter limpo e en boas condicións de uso o espazo de ocupación pública.

***Artigo 32. Residuos de eventos especiais***

Concello previa solicitude dos organizadores, facilitará a instalación de colectores e posterior recollida e limpeza, para que se realice a recollida selectiva e separada do lixo.

Cando se produza impacto ambiental no entorno, ou afecte á perda de biodiversidade, ao empobrecemento dos ecosistemas ou produza un impacto directo nos inmobles e enseres públicos ou privados, (cerres, balados, sinais, e firme de asfaltado ) será reparado polo responsable. O Concello poderá esixir un aval para garantir a correcta reposición dos danos producidos e as polas pólizas de seguros correspondentes.

***Artigo 33. Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores***

Os cidadáns deberán depositar os residuos de construción e demolición procedentes de obras menores segregados por materiais en bolsas resistentes, podendo entregar estes para a súa correcta xestión:

a) a xestor autorizado, ou

b) no punto limpo.

*c)* Os residuos de obras menores con amianto (asbesto) ou materiais que o conteñan como o fibrocemento (uralita) por ser residuos perigosos non poden ser xestionados polo concello nin nos colectores de lixo nin no Punto Limpo. E serán manipulados conforme ao Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

disposiciόns mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

***Artigo 34. Voluminosos: mobles e aparellos de interior de vivenda***

Os cidadáns que desexen desprenderse de mobles, aparellos e outros residuos voluminosos cuxa recollida non sexa obxecto de recollida separada nesta ordenanza ou de acordo coa normativa aplicable, deberán:

a) entregalos nun punto limpo, ou

*b)* utilizar o servizo especial de recollida domiciliaria establecido polo Concello, con solicitude previa, chamando ao Punto Limpo.

***Artigo 35. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos***

Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos deberán:

a) entregalos ao distribuidor no momento de compra dun novo, ou

*b)* entregalos no punto limpo,

***Artigo 36. Vehículos abandonados***

1.- Queda prohibido o abandono de vehículos, sendo responsabilidade dos seus titulares a axeitada xestión dos mesmos de acordo co disposto na normativa aplicable

2.- Presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo municipal, nos seguintes casos:

a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilexibles.

b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

c) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fose depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

3.- Nos casos previstos no apartado anterior e con independencia das sancións que, se é o caso, se puidesen impoñer, o Concello entregará o vehículo abandonado nun centro de tratamento para a súa xestión, debendo os propietarios de vehículos abandonados aboar os custos de recollida e, no seu caso, de xestión conforme ao disposto na correspondente ordenanza e na normativa aplicable.

***Artigo 37. Procedemento de entrega de vehículos en desuso***

Os cidadáns que desexen desprenderse dun vehículo ao final da súa vida útil deberán:

a) entregalo a un centro de tratamento, de acordo co establecido na normativa aplicable, ou

b) entregar a documentación no servizo municipal de Medio Ambiente para que desde alí se coordine a súa retirada e xestión.

***Artigo 38. Bioresiduos, Podas e outros residuos de xardinaría***

1.- Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos orgánicos, de podas e residuos de xardinaría restos de comidas que non usen para animais, poderán:

Empregalos para compostaxe, ou directamente para abono da súa finca ou xardín ou integrarse nunha compostaxe comunitaria para producir compost.

2.- Os beneficios da compostaxe de materiais orgánicos que se xeran no fogar (restos de comidas ou podas do xardín), poden utilizarse como substrato que axuda a medrar as plantas e a fertilizar as fincas, non xera lixo e beneficia ao medio ambiente reducindo os custos de recollida, transporte e tratamento; reducindo os malos cheiros e a contaminación asociada aos residuos orgánicos; obter compost de alta calidade; e a utilizar menos produtos químicos na xardinería local. O compost supón así mesmo dar consistencia aos terreos lixeiros; facilita a fertilización, aumenta o contido en materia orgánica do solo e a resistencia das plantas e favorece o aforro en abonos químicos. Os elementos para realizar a compostaxe son, entre outros, os restos de froitas e verduras; ósos; residuos de infusións; pousos de café; cascas de ovos e froitos secos; restos de plantas e xardineiras; papel de cociña; e restos de poda e sega.

3.- Os cidadáns poderán levar a cabo a compostaxe dos mencionados residuos nos seus terreos particulares ou, en composteiros comunitarios para tal fin.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



4. Priorizarase a utilización dos residuos orgánicos (vexetais ou restos de comida) para uso da compostaxe. De non ser posible depositaránse no coletor verde de RSU ou fracción resto.

5. Queda prohibido depositar restos de podas ou outros residuos de xardinería nos coletores de lixo.

### *CAPÍTULO 4. ORDENACIÓN DAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS*

#### *Artigo 39. Distancias de plantación*

1.- As repoboacións forestais que linden con terreos rústicos de protección agropecuaria deberán aterse as disposicións legais vixentes, e gardar, como mínimo, 10 metros de distancia respecto deles.

2.- As repoboacións forestais cumprirán as distancias mínimas establecidas no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, e na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

3.- As plantacións de árbores en fincas rústicas que linden con cultivos agrícolas deberán respectar as distancias fixadas polo Decreto 19 de Outubro 1967 núm. 2661/67 (Ministerio de Agricultura)

4.- No seu defecto deberá adaptarse ao artigo 591 do Código Civil.

5.- As árbores que linden con camiños ou vías públicas, non poderán impedir nin coas polas nin coas raíces, o libre tránsito de vehículos ou do transporte público.

6.- Non se consideran especies forestais as froiteiras e arbustos ornamentais.

7.- Nas mesmas condicións que no apartado anterior, o Concello poderá levar a cabo traballos de mantemento, reparación, poda de árbores e a limpeza dos elementos e das partes exteriores dos inmóbeis, así como a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados de forma subsidiaria, e sen prexuízo da sanción que se establece na presente ordenanza.

### *CAPÍTULO 5. RADIACIÓNS ELECTROMAGNÉTICAS E TELEFONÍA*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



***Articulo 40. Radiacións electromagnéticas***

En canto aos focos emisores de radiacións electromagnéticas en campo aberto xeradas por transformación, transmisión, almacenamento e distribución de corrente eléctrica de media e alta tensión, necesitarase informe positivo de avaliación/cualificación ambiental para a súa instalación e funcionamento segundo a normativa vixente, intentando en calquera caso, que as devanditas instalacións non estean próximas a menos de 1 Km do núcleo poboacional máis próximo, nin que atravesen por vía aérea ningún recinto habitado e/ou habitable, procurando o seu soterramento segundo a normativa vixente (R D 1066/2001 de 28 de setembro)

***Articulo 41. Antenas de telefonía móbil***

a) A instalación de antenas de telefonía móbil deberán contar con Licenza Municipal, e adaptarán as emisións radioeléctricas sobre as persoas ao recollido no Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro de medidas de protección sanitaria radioeléctricas.

b) A cor e aspecto da antena adaptaráse á contorna para minimizar o impacto visual.

c) O colector instalarase, preferentemente, baixo rasante. Excepcionalmente poderáse admitir outra situación, sempre que se xustifique que a instalación se integra harmonicamente na paisaxe urbana e non entorpece o tránsito.

***Articulo 42. Compartición de infraestruturas***

En materia de compartición de infraestruturas, os operadores deberán respectar o estipulado na Lei 9/2014 de 9 de maio Xeral de Telecomunicación.

***CAPÍTULO 6. EDUCACIÓN AMBIENTAL***

***Artigo 43. Promoción da separación en orixe e recollida selectiva de residuos***

1.- O Concello de Gondomar poderá promover a colaboración cidadá para unha óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



2.- Así mesmo, o Concello poderá elaborar guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos.

***Artigo 44. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos***

1.- O Concello, directamente, ou a través da empresa concesionaria do servizo, promoverá a realización de campañas e xornadas de sensibilización e educación en materia de recollida selectiva de residuos, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc

2.- A tal fin poderá, entre outros, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos e asociacións de produtores.

3.- O Concello, co obxecto de promover a recollida separada de residuos, poderá informar a través da páxina web da Concellería de Medio Ambiente do tratamento final que cada a cada fracción de residuos.

***Artigo 45. Promoción da educación ambiental***

O Concello promoverá accións permanentes de educación ambiental co dobre obxectivo transversal de facer máis ambiental a actuación municipal no seu conxunto e máis comprometida á cidadanía.

O Concello de Gondomar promoverá campañas de repoboación forestal de especies autóctonas e a conservación das árbores como promotoras dun ambiente máis sostible, de reducen o efecto invernadoiro, e de minimizan o exceso de emisións de CO2, e minimizar o impacto de paisaxes degradadas.

***Artigo 46. Xestión e eficiencia do uso da auga***

O Concello de Gondomar promoverá a colaboración cidadá para o óptimo control do ciclo integral da Auga para preservar a súa pureza, a vixilancia da rede de abastecemento para evitar perdas e a concienciación social para reducir o consumo excesivo e acadar un uso eficiente da auga.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



***Os obxectivos irán encamiñados a:***

- Reservar a auga potable para usos nos cales ésta sexa imprescindible.
- Realizar un seguimento do consumo de auga e aplicar programas de inspección, para poder identificar malos hábitos e fugas.
- Sempre que sexa posible utilizar a auga de chuvia ou non potable, mediante un sistema de captación e aprovisionando.
- Sempre que sexa posible utilizarase a auga de bombeo dos solares para o rego, no canto de vertela ao sistema de saneamento.
- En canto ao rego dos xardíns recoméndase utilizar aspersores de curto alcance nas zonas de céspede. Usar rego por goteo nas zonas de arbustos e árbores. O rego por goteo enterrado é máis eficiente debido a que evita as perdas producidas por evaporación.
- Considerar a posibilidade de utilización de rego exudante.

***Artigo 47. Control da calidade do aire***

Contribución dende o local á aplicación de normativa autonómica sobre calidade do aire. (LEI 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera)

*Contaminación atmosférica*

Concello de Gondomar no ámbito das súas competencias, velarán para que se adopten as medidas necesarias e as prácticas adecuadas nas actividades e instalacións, que permitan evitar ou reducir a contaminación atmosférica aplicando, na medida do posible, as mellores técnicas dispoñibles e empregando os combustibles menos contaminantes.

Así mesmo velará para que as entidades privadas e os particulares se esforzen no exercicio das súas actividades cotiás, en contribuír á redución dos contaminantes da atmosfera.

Os titulares de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera deberán tomar as medidas necesarias para evitar danos por contaminación atmosférica á saúde de as persoas e ao Medio Ambiente.

Deberán cumprir os requisitos técnicos que lle sexan de aplicación conforme estableza a normativa e, en todo caso, salvagardando a saúde humana e o medio ambiente.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Deberán realizar controis das súas emisións e, cando corresponda, da calidade do aire na forma e periodicidade prevista na normativa aplicable.

***Artigo 48. Urbanismo sostible***

Planificación racional e sostible dos usos do solo incorporando da variable ambiental na planificación do territorio.

***Construción e edificación***

Concello de Gondomar velará polo cumprimento do Código Técnico da Edificación no seu Documento Básico Aforro de Enerxía e, se é posible, mellorar os aspectos de obrigado cumprimento, como aumentar a porcentaxe de enerxía solar térmica e incorporar enerxía solar fotovoltaica nos proxectos, ou integrar caldeiras de biomasa nos edificios por ser máis eficientes e menos contaminantes.

Concello de Gondomar priorizará na medida que o proxecto o permita, a utilización de materiais de construción locais para reducir o consumo enerxético que supón o transporte.

Na medida do posible, darase preferencia aos materiais naturais que proveñan de explotacións controladas, e os materiais de orixe mineral ou vexetal, en detrimento dos tóxicos e perigosos.

***Artigo 49. Transporte urbano e movilidades***

Sobre a mobilidade, o Concello de Gondomar potenciará a redución da velocidade na zona urbana, o uso do transporte colectivo e, mediante campañas de sensibilización, o uso do transporte público en detrimento do vehículo privado, apostando polas peonalizacións e humanizacións na Vila e nos núcleos de poboación, en consoancia co Plan nacional de transporte 2005-2020, que formula un incremento do uso do tren, do transporte público e dunha maior intermodalidade.

A Directiva Europea 2009/33/CE do 23 de abril de 2009, relativa á promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes ten como obxectivo primordial, a promoción do uso de vehículos que teñan baixo consumo enerxético, así como a emisións pouco elevadas de CO 2, e de contaminantes.

A tendencia é camiñar dende a administración local cara unha mobilidade máis sustentable con medidas que prioricen o transporte público colectivo, a integración dos obxectivos ambientais

nunha adecuada planificación de infraestruturas, (carril bici) formación e información ao cidadán, etc. Un dos obxectivos é fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte habitual non motorizado, sostible, ecolóxico e saudable, e reducir o impacto ambiental da mobilidade no Concello de Gondomar contribuíndo á redución global de emisións.

***Nas novas infraestruturas que se acometan priorizarase a construción de:***

*Pistas-bici,* segregadas fisicamente do resto dos medios de transporte motorizados e tamén dos peóns.

*Carrís ou beiravías bici* que forman parte da calzada en vías (rúas ou estradas) deseñadas principalmente para os vehículos motorizados. Os carrís bici considéranse protexidos cando están separados do resto da calzada mediante bordos ou bolardos.

*Camiños peonís e ciclistas (sendas bici),* vías para peóns e bicicletas que discorren independentemente das rúas e estradas, sobre plataformas de ferrocarril abandonados, camiños existentes ou camiños de nova creación.

*Vías mixtas ou compartidas,* estradas, camiños e outras tipoloxías de vías nas que o ciclista comparte o espazo cos vehículos motorizados e, en ocasións tamén cos peóns, sen segregación física ou visual, pero en condicións que favorecen a compatibilidade dos distintos tipos de usuarios.

***Artigo 50. Xestión e eficiencia da enerxía***

Aforro e eficacia enerxética. Potenciar vivendas con técnicas de construción illantes (arquitectura bioclimática), así a instalación de fontes de enerxía non contaminantes (paneis de enerxía solar).

O Concello promoverá prácticas de aforro enerxético, minimizar o consumo de recursos, e redución das emisións e contaminación da auga do aire e do solo.

O Concello promoverá o consumo de produtos locais, os máis próximos, e os fabricados con materiais reutilizables e fomentaraos así mesmo na contratación pública de obras e subministracións.

O Concello promoverá sistemas que permitan un uso eficiente da enerxía (como iluminación mediante luminarias de baixo consumo e equipos con certificación de alta eficiencia enerxética) e asegurar o seu mantemento axeitado.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



O Concello promoverá diferenciar con maior iluminación os pasos de peóns en aras de aumentar a seguridade vial e de protección das persoas.

***Artigo 51. Contaminación lumínica***

O Concello, no ámbito das súas competencias, á hora da instalación de luminarias, promoverá a prevención e redución da contaminación lumínica coa finalidade de conseguir os seguintes obxectivos:

a) Promover un uso eficiente da iluminación exterior sen menoscabo da seguranza que lles debe proporcionar aos peóns, aos vehículos e ás propiedades.

b) Preservar o máximo posible as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio da fauna, da flora e dos ecosistemas en xeral.

c) Previr, minimizar e corrixir os efectos da contaminación lumínica no ceo nocturno e, en particular, no contorno dos observatorios astronómicos que traballan dentro do espectro visible.

d) Reducir a intrusión lumínica en zonas distintas ás que se pretende iluminar, principalmente en contornos naturais e interior de edificios.

***Artigo 52. Ruídos***

Medidas a nivel local para a redución da contaminación acústica producida por ruídos e vibracións.

A contaminación por ruído, nas súas diversas manifestacións, nas nosas casas e nas nosas vidas, afecta ás persoas diminuíndo gravemente a calidade de vida a base de xerar malestar e incomodidade, e nalgúns casos irritación, angustia e outras patoloxías físicas e emocionais.

Os vehículos de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, a carrozaría e os demais órganos capaces de producir ruídos co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo non exceda dos límites que establece a Lei.

Os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos a motor en circulación serán os establecidos para as emisións de vehículos terrestres, así como para as emisións de aeronaves, na lexislación estatal vixente.

Nos casos en que se afecte notoriamente á tranquilidade da poboación, o Concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos a motor non poidan circular ou deban facelo de forma restrinxida en horario e velocidade. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, considéranse as zonas que soporten un nivel de ruído, debido ao tráfico rodado, que alcance valores de nivel continuo superior a 55 dB durante o período nocturno e a 65 dB no período diúrno. En todo caso o Concello velará polo cumprimento da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído.

## CAPÍTULO 7. ZONAS VERDES E ESPAZOS PROTEXIDOS

### *Artigo 53. Espazos verdes*

A tendencia é incrementar as zonas verdes das vilas e cidades ata alcanzar os obxectivos da Organización Mundial da Saúde (13 m2 por habitante).

1.- O Concello de Gondomar promoverá o uso de boas prácticas de convivencia de limpeza mantemento de espazos verdes e de respecto ao Medio Ambiente,

2.- ConsiderWaránse zonas verdes os espazos destinados á plantación de árbores e xardinería de acordo coas determinacións recollidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal ou outras normas urbanísticas en vigor.

3.- En todo caso, serán consideradas como zonas verdes para os efectos desta ordenanza, as prazas e pequenose(eliminar) xardíns públicos, os xardíns arredor de monumentos ou nas illas viarias, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías públicas, as zonas axardinadas das rotondas, etc.

**Espazos naturais protexidos**

***1. Definición.***

Defínense como espazos naturais protexidos aqueles espazos naturais que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais, da súa promoción e difusión , así como a súa preservación para as xeracións futuras. Nestes espazos promoverase o desenvolvemento sustentable, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co Medio Ambiente.

A presión exercida polo turismo nos espazos naturais, se non se toman as medidas preventivas necesarias, podería provocar alteracións nas súas características. O valor ecolóxico e a fraxilidade destes espazos fainos moi vulnerables á vez que a súa condición de Espazos Naturais aumenta o seu atractivo turístico. Un aumento no valor do indicador interprétase, en principio, como un aumento da presión turística sobre os Espazos Naturais, polo que se fose preciso o Concello, en cooperación coa Comunidade Autónoma, deberá tomar as precaucións necesarias.

***2.Prohibicións nestes espazos***

Nestes espazos prohíbese realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os seus valores naturais

b) Nos monumentos naturais só se admitirán os usos ou as actividades que non poñan en perigo a conservación dos valores que motivaron a súa declaración.

***Artigo 54. Sinalización no contorno natural***

Os espazos naturais protexidos deberán estar debidamente sinalizados para promover a información e a orientación necesarias ao visitante e ofrecer unha imaxe axeitada.

A sinalización poderá resaltar aspectos de valor ecolóxico, paisaxístico, arquitectónico ou cultural que, próximos ao itinerario principal, non pertencen ao mesmo, e será a indicada polo Concello de Gondomar, debendo axeitarse ás condicións de homologación esixidas pola FGM (Federación Galega de Montañismo) a cal se axusta á normativa internacional. Os sinais, paneis interpretativos, postes e frechas direccionais, serán do menor tamaño posible atendendo á súa funcionalidade e estarán integrados no contorno, non estando permitido o uso de elementos naturais como soporte da sinalización.

***Artigo 55. Sinalización de roteiros***

1.- Os roteiros ecolóxicos, ou para deportes de sendeirismo, de bicicleta de montaña, ou de vehículos a motor serán sinaladas polos organizadores, coas indicacións fixas e preestablecidas polo Concello, rexeitando toda a sinalización complementaria (cintas, pintadas ou sinais non homologadas) que serán retiradas ao rematar a proba ou competición polos responsables da organización unha vez finalizada.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



2.- Quedan prohibidas as pintadas sobre elementos estruturais, calzadas, mobiliario urbano, sobre as árbores, pedras, muros ou paredes que non teñan a autorización preceptiva municipal.

*Artigo 56. Uso das zonas verdes públicas*

1.- Todos os cidadáns teñen dereito ao goce e aprobeitamento das zonas verdes públicas e están obrigadas a respectar os parques e xardíns e demais espazos ou zonas verdes ou forestais, así como o arborado e plantas existentes, absténdose de calquera acto que os poida danar, afear ou ensuciar as devanditas zonas ou elementos.

2.- Prohíbese realizar calquera actividade que poida deteriorar as zonas verdes, así como danar o arborado e plantacións existentes en calquera forma.

3.- A práctica de xogos e deportes en zonas verdes só poderá realizarse en zonas específicas e sempre que non causen molestias a terceiras persoas, danos e deterioro a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, e non impidan ou dificultan o paso de peóns.

4.- Está prohibido o acceso e a circulación das motocicletas e vehículos nas zonas verdes, salvo para os vehículos autorizados, os vehículos dos servizos municipais e os de emerxencias. Poderán circular bicicletas naquelas zonas habilitadas a tal efecto.

5.- Cando por motivos de interese público se autorice nestes lugares a celebración dalgún tipo de acto, deberánse tomar as medidas preventivas necesarias para que a afluencia de persoas aos mesmos non cause deterioro nas plantas ou céspede. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adoptar as devanditas.

6.- Os usuarios das zonas verdes públicas deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes, e se faltaran estes apelarase á racionalidade e boas prácticas. En calquera caso deberán atender as indicacións que formulen os axentes da Policía Local e o persoal de Parques e Xardíns.

*Artigo 57. Conservación de zonas verdes*

1.- Todos os propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelas en bo estado de conservación, correndo pola súa conta os gastos que iso ocasione.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



2.- Calquera propietario dun inmoble con fachada á rúa e vexetación ou árbores no mesmo terá a obriga de cortar a devandita vexetación e podar as árbores de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación nin o tránsito pola vía pública, nin impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

3.- As regas precisas para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía da auga. De ser posible utilizarán auga non clorada, e as regas faránse nas primeiras horas da mañá ou nas últimas horas da tarde, salvo se houbese risco de secado das plantas en máximos períodos de seca. A zona verde que posúa recursos propios de auga será regada con estes recursos.

4.-Todo propietario dunha zona verde queda obrigado a realizar o correspondente tratamento fitosanitario no caso de que aparezan enfermidades nas plantas desa zona verde de xeito inmediato para evitar a propagación de pragas.

5. Os xardíns e zonas verdes públicos e privados deberán atoparse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato, así coma libres de maleza de xeito que non poidan ser causantes de infeccións ou converterse en materia doadamente combustible.

***Artigo 58. Protección de elementos vexetais públicos***

1.- Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitirán os seguintes actos:

a) Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.

b) Camiñar polas zonas axardinadas acoutadas.

c) Pisar o céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilizalo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.

d) Cortar flores, polas, ou especies vexetais.

e) Talar, apear ou podar árbores situados en espazos públicos sen a autorización municipal expresa.

f) Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincar as súas cortizas, cravar puntas, atar os mesmos escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquera outro elemento, nin gabear ou subir ós mesmos.

g) Aparcar danando ás plantas ou os seus elementos de protección.

h) Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra, (formigón, asfalto etc) sobre as árbores ou a unha distancia mínima de 50 cm. arredor deles, nin verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.

i) Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables, ou calquera outro elemento que poida danar as plantacións.

j) Prender lume, calquera que sexa o motivo, en lugares que non estean expresamente autorizados e non teñan instalacións axeitadas para facelo.

2.- Todas as árbores de calquera rúa ou propiedade pública, próximas a unha excavación ou construción de calquera edificio estrutura ou obra na rúa, deberán protexerse.

3.- Se nalgún caso fose necesario arrincar unha ou varias árbores dun macizo de xardín, pola modificación de superficie pavimentada dunha rúa, o Concello poderá, se fose o caso, trasladar e replantar estas árbores.

***Artigo 59. Protección do patrimonio natural***

1.- Concello de Gondomar creará un rexistro de árbores senlleiras, que forman parte do patrimonio natural e medioambiental do Concello de Gondomar, e solicitar a súa inscrición no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia se fosen consideradas reliquias botánicas obxecto de respecto veciñal e con valor científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental.

2.- A inscrición farase previa autorización por parte do propietario ou a petición do mesmo.

3.- Estas árbores terán unha protección especial dende o Concello e poderán ser obxecto de axudas económicas ou soporte técnico por razóns de mantemento, protección e seguridade, non podendo os seus propietarios neste caso, cortala nin realizar ningún tipo de poda ou tratamento sen previa autorización por parte do Concello.

***Artigo 60. Servizo de inspección***

1.- O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento no disposto na presente Ordenanza corresponderá ao persoal que teña atribuídas as devanditas funcións así como aos axentes da policía local.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

2.- O persoal ao que fai referencia o apartado anterior, no exercicio das súas funcións inspectoras, terá a condición de axente da autoridade estando facultado para acceder sen previo aviso ás instalacións nas que se desenvolvan actividades reguladas nesta Ordenanza así como para inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, tales como colectores e bolsas de lixo.

***Artigo 61. Deber de colaboración***

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente Ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitir ao persoal a que fai referencia o artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección o acceso ás citadas instalacións así como prestarlle colaboración e facilitarlle a documentación necesaria para o exercicio dos devanditos labores de inspección.

***Artigo 62. Cooperación cidadá***

1.- Tanto as persoas físicas como xurídicas do Concello de Gondomar están obrigadas, no que atinxe á limpeza e ornato público en todo o municipio, ao coidado dos xardíns e mobiliario público, a manter un comportamento cívico e unha conduta que preveña a sucidade e axude á boa convivencia.

2.- Así mesmo, poderán poñer en coñecemento da autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presencien, ou aquelas das que teñan un coñecemento certo

3.- Será responsabilidade do Concello atender ás reclamacións, denuncias e suxestións cidadás, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

***CAPÍTULO 8 NORMAS DE USO E CONSERVACIÓN***

***Artigo 63. Normas xerais***

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalizacións, elementos

decorativos, farois e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

***Artigo 64. Limitacións***

***a)Bancos***

Todo acto que prexudique ou deteriore a limpeza e conservación dos bancos e en particular, arrancar aqueles que estean fixos, trasladar a unha distancia superior a dous metros os que non estean fixados ao chan, agrupalos de forma desordenada ou realizar neles inscricións ou pintadas.

Asemade, tampouco se permitirá depositar sobre os bancos, area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucialos, e/ou manchar ou prexudicar a usuarios destes.

b)Xogos infantís

A súa utilización realizaráse por nenos e nenas con idades comprendidas nos carteis indicadores que para tal efecto se instalen, e sempre convenientemente acompañados dun adulto, prohibíndose a súa utilización por adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indica expresamente en cada sector ou xogo.

***c)Papeleiras e colectores***

Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras destinadas a tal fin.

Queda prohibida toda manipulación de papeleiras e colectores (movelas, incendialas, envorcalas e arrincalas), facer inscricións ou adherir adhesivos nelas, así como outros actos que deterioren a súa estética ou entorpezan o seu uso normal.

***d)Fontes***

Queda prohibido realizar calquera manipulación nos canos e elementos das fontes que non sexan as propias da súa utilización normal.

Nas fontes decorativas, surtidores, bocas de rega e elementos análogos, non se permitirá beber, introducirse nas súas augas, practicar xogos, realizar calquera tipo de manipulación e, en xeneral, todo uso da auga.

***e)Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos***

Queda prohibido gabera ou subir aos mesmos, arrandearse ou realizar calquera acto que ensucie, prexudique, deteriore ou menoscabe o seu normal uso e funcionamento.

***Artigo 65. Normas de conduta***

1.- Están prohibidas as condutas vandálicas, agresivas ou neglixentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a integridade física das persoas ou dos bens.

2.- Quedan prohibidos os actos de deterioren gravemente os espazos públicos e as súas instalacións ou elementos tales como: bancos, papeleiras, colectores, maceteiros, árbores e plantas, elementos de xogos infantís, sinalizacións, farois, estatuas e demais elementos decorativos, fontes e estanques, paneis informativos, etc. Queda expresamente prohibido mover calquera elemento do mobiliario urbano da súa ubicación.

3.- Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos realízanse ditas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente ós axentes da autoridade.

4.- Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou titores polas accións dos menores de idade que dependan deles, serán tamén responsables diretos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que pola súa parte se constate dolo, culpa ou neglixencia, incluída a simple inobservancia.

5.- Todas aquelas persoas que causen danos ao mobiliario urbano deberán facer fronte ao custo da reparación ou substitución a que dea lugar, sen prexuízo da correspondente sanción que puidera corresponderlle.

6.- O infractor poderá solicitar a substitución da multa pola obriga persoal de traballos en beneficio da comunidade nas condicións que fixe o órgano municipal competente para a imposición das sancións, que serán proporcionadas á entidade do dano causado.

7.- Nos viarios e espazos públicos queda prohibido facer un uso impropio dos seus elementos, de maneira que impida ou dificulte a utilización ou o goce polo resto dos usuarios.

***Así mesmo son usos prohibidos:***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



a) Acampar nas vías e nos espazos públicos. Acción que inclúe a instalación estable de tendas de campaña, vehículos, autocaravanas ou caravanas e, o uso do mobiliario ou servizos neles existentes, salvo autorizacións para lugares concretos.

b) O uso de calquera clase de produtos pirotécnicos definidos na lexislación sectorial aplicable, sen autorización municipal.

d) Exercer oficios ou traballos nos espazos públicos sen a habilitación administrativa correspondente

e) Tirar cascas, papeis, gomas de mascar, cigarros, cabichas, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberá depositarse nas papeleiras ou dispositivos instaladas para tal fin.

f) Situar ou deixar abandonado na vía pública calquera obxecto que supoña risco para as persoas, afée a entorna ou obstruía o tránsito peonil e/ou rodado.

g) Prender lume ou acender fogueiras, salvo no caso de celebracións ou festas populares que conten coa correspondente autorización municipal.

h) Acceder aos edificios e instalacións públicas ou zonas non autorizadas fóra dos seus horarios de utilización ou apertura.

i) Realizar a limpeza e o aseo de calquera animal na vía pública.

j) Lavar vehículos na vía pública.

k) Botar calquera tipo de desperdicio desde vehículos, tanto parados como en marcha.

l) Realizar pintadas ou grafitis en calquera elemento público ou privado con repercusión na vía ou espazo público sen a correspondente autorización.

m) Rascar, arrincar e tirar ao espazo público, cartaces, anuncios, pancartas ou obxectos semellantes.

n) Realizar as necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, ouriñar, cuspir... en calquera dos espazos públicos ou privados de aplicación desta ordenanza. Cando estas accións se realicen en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores, ou cando se faga sobre mobiliario urbano ou calquera outro ben público ou privado, serán considerados falta moi grave.

***TÍTULO III INFRACCIÓNS E SANCIÓNS***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



## *CAPÍTULO 1. INFRACCIÓNS*

### *Artigo 66. Infraccións*

1.- Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza, así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica reguladoras das materias que se inclúen, sen prexuízo de que os preceptos desta Ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.

2. As infraccións tipificadas na presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

### *Artigo 67. Infraccións leves*

Considéranse infraccións leves a vulneración das prohibicións e normas de conduta desta ordenanza, que non teñan a consideración de graves ou moi graves, e en particular:

a) Realizar necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, mexar, cuspir en calquera dos espazos públicos, ou sobre mobiliario urbano ou calquera outro ben público ou privado privados de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores.

b) Tirar no chan cascas, papeis, gomas de mascar, cigarros, cabichas, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberán depositarse nas papeleiras instaladas para tal fin.

c) Depositar ou abandonar calquera clase de produto, en estado sólido, líquido ou gasoso, que poida alterar as condicións de limpeza que esixe a estética da vila, incluída a varredura da vía pública que recollan os particulares.

d) A limpeza ou, de ser o caso, sacudida de alfombras, prendas ou calquera outro obxecto sobre a vía pública desde fiestras, balcóns ou terrazas.

e) Lavado e limpeza de vehículos e calquera outra operación de mantemento destes, na vía pública, agás reparacións de emerxencia. Neste caso deberá procederse á limpeza da zona afectada.

f) Saír con vehículos de desterre dunha obra deixando restos de terra ou residuos na vía pública.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



g) Tirar na vía pública, fóra dos sumidoiros, a auga procedente da limpeza de locais públicos ou privados, a auga procedente da cocción do polbo, etc.

h) Depositar restos de podas ou outros residuos de xardienría nos coletores de lixo.

i) Depositar plásticos de silo ou de actividades agrícolas con sistema de recollida especial, nos colectores de lixo.

j) Depositar nos colectores de lixo os envases ou recipientes que contiveran herbicidas, pesticidas, plaguicidas fitosanitarios, medicamentos ou residuos perigosos, empregados na actividade agraria ou gandeira.

k) Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, fóra do seu colector agás no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida "Porta a Porta".

l) Depositar residuos de papel-cartón para a recollida "Porta a Porta" fóra do horario e condicións estabelecidas.

m) A entrada de cans ou calquera outro animal de compañía nos parques infantís ou onde existan instalacións para o xogo de nenos e nenas.

n) Depositar os residuos sen separalos por fraccións ou en colectores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada fracción de residuos, contravindo o disposto na presente Ordenanza.

o) Incumprir os horarios establecidos de depósito e entrega de residuos.

p) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello.

q) Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascas e desperdicios similares.

r) Manipular colectores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de colectores ou desprazalos fóra das súas situacións.

s) Utilizar os colectores de uso exclusivo de residuos para residuos diferentes do previsto na presente ordenanza.

t) Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenza de animais, e o abandono de excrementos.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

u) Depositar no colector do lixo residuos orgánicos procedentes de matanzas domiciliarias.

v) Colocar ou pegar calquera tipo de cartel, pancarta ou adhesivos en elementos do mobiliario urbano, ou nos colectores do lixo.

w) A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

x) Consumir bebidas alcohólicas na vía pública cando poida alterar a convivencia ou o exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas ou colectivos.

***Artigo 68. Infraccións graves***

***Consideraranse infraccións graves***

a) Mover calquera elemento do mobiliario urbano do seu emprazamento, cando coa devandita actuación se xeren riscos para as persoas, para os propios bens desprazados ou para calquera outros bens públicos ou privados, ou se produzan alteracións graves da convivencia cidadá

b) Depositar residuos procedentes de obras menores de construción ou de reparación domiciliaria na vía pública ou nos colectores de uso colectivo situados na vía pública.

c) Depositar nos colectores municipais residuos industriais que deban ser xestionados por un xestor autorizado.

d) Queimar plásticos.

e) Depositar plásticos agrícolas nos colectores de lixo,

***Artigo 69. Infraccións moi graves***

a) Mostrar condutas vandálicas, agresivas ou neglixentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas.

b) Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo en terreos públicos ou privados, marxes dos ríos, na vía pública, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando esta acción, pola súa entidade ou volume, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

***Artigo 70. Prescrición***

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se tivese cometido.

3.Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar dende o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, o devandito prazo computarase dende que estes se manifesten.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable. Tamén interromperá a prescrición a apertura dun procedemento xudicial penal, ata que a autoridade xudicial comunique ao Concello a súa finalización. En calquera caso, e sexa cal for o resultado do devandito procedemento, o órgano sancionador quedará vinculado polos feitos declarados probados en vía xudicial

***Artigo 71. Sancións e obriga de repoñer***

1.- Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá reparar o dano causado repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario.

2.- Se o infractor non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 72.

3. Asemade, en caso de incumprimento, a devandita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria polo concello. Os custes orixinados polas actuacións a realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción, esixíndollo se é o caso, a indemnización a que houbese lugar polos danos e prexuízos causados.

4.- Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de dezaoito anos non emancipado, ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán solidariamente con el dos danos e prexuízos ocasionados, os seus pais, titores, curadores, acolledores ou gardadores legais de feito, segundo proceda.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

***Artigo 73.—Contía Sancións***

As infraccións tipificadas consonte o disposto no título anterior serán sancionadas:

— As leves, con multa de ata 750 euros

— As graves, con multa de 751 a 1.500 euros .

— As moi graves, con multa de 1.501 a 3.000 euros

***Artigo 74. Prescrición***

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

***Artigo 75. Publicidade das sancións***

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquira firmeza.

***Artigo 76. Competencia e procedemento sancionador***

1.- Corresponde ao Alcalde a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2.- A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades conforme a esta Ordenanza levaránse a cabo de conformidade ao previsto na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e demais normativa que lle sexa de aplicación.

3. A Policía Local en cumprimento do Artigo 8. 1. d) e Art. 8. 3.b Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais velará polo cumprimento desta ordenanza, inspeccionando as actividades e condutas que a contraveñan.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



***DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA Disposición derrogatoria única. Normas derrogadas***

Quedan derrogadas todas as disposicións do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas na presente Ordenanza en canto se opoñan ou contradigan ao contido da mesma.

***DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA***

Disposición final primeira. Entrada en vigor. Esta Ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P) e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

***DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA***

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias poderá interpretar, aclarar e desenvolver os artigos da presente Ordenanza.

*Sr. Araúxo: Como xa lle dixen é un expediente longo, un expediente que consta dun limiar, 76 artigos e tres disposicións finais, a intención deste quen lle fala e do Goberno foi aceptar tódalas emendas que se presentaron, eu creo que quedaron recollidas, se non fóra así, podémolo falar durante o debate, non hai ningún problema e en principio non vou dicir nada mais, abrimos o debate.*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Concelleiro, ¿intervencións? Sra. Durán ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Hola, moi boas tardes a todas e a todos. Bueno, en relación con este punto da orde do día quería sinalar que efectivamente pois do texto da ordenanza que nos trouxo o Goberno ao Pleno para a súa aprobación inicial, ao texto que nos traen agora, pois evidentemente notáronse as aportacións das achegas, das alegacións, que se fixeron desde a oposición, desde o grupo CABE e desde este mesmo grupo que representa ao Partido Popular. Dicir que nesas alegacións este grupo instaba a que se fixera unha revisión de todo o texto porque manifestábamos que había erros na redacción, que ás veces eran froito do traballo do copia e pega, ademais que era, a ordenanza era un texto que non se adaptaba a este concello, pois en

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



parte polo que aquí se dixo porque era unha ordenanza do concello de Lalín, pero gran parte deses erros subsanáronse, pero si o texto definitivo que se pretende someter a aprobación definitiva é o que nos fixeron chegar, e ese é, o que nos fixeron chegar a tódolos grupos co expediente do Pleno, pois gustaríame incidir nalgunhas erratas, mais que nada porque son para eliminar ou para colocar noutros artigos porque, polo menos desde o noso punto de vista, non coinciden ou non están ben redactados, encaixados no que é o articulado da ordenanza.

Sen mais no artigo 15, xa o dixera ademais no Pleno onde se debatera a aprobación inicial, fálase despois do punto 2, que se di: " non depositar cristais como as vaixelas" a continuación pon "materiais que non se deben depositar no colector de vidro" e logo ven o punto 3, e que eso de materiais que non se deben depositar no colector de vidro é o que poñen logo en negrita, na páxina 18, é que son cousas que cando un procede á lectura sosegada pois quedan, ese punto é algo para eliminar porque queda......, que se elimine, esa frase de materiais que non deben depositarse no colector de vidro, esa frase non procede aí, porque xa está colocada mais abaixo. Despois na páxina 21 no artigo 19, tamén o dixen no anterior debate, fálase de pilas, estase falando de que as pilas usadas deben ser depositadas polos cidadáns en, fálase no apartado a) nos centros distribuidores, no punto b) dícese no punto limpo e logo ven un texto, artigo 19, na páxina 21, pon "as pilas usadas poden ser resíduos tóxicos" e tal, teñen que ser depositadas en: a) nos centros distribuidores, b) no punto limpo, o texto que ven despois que di: "terán tamen a consideración de resíduos domesticos", ben, ou similares, esto aí non ten razón de ser. Na miña alegación, e que conste que tiven o erro de que dixen igual corresponde co artigo 6 porque mirei que era o do punto limpo, pero lendo con mais calma o texto da ordenanza, se collo o artigo 2 no apartado n) aí definese o que son residuos domésticos e eu creo que precisamnete este texto que agora eu estou dicíndolle que ten que eliminar o artigo 19 correspóndese con este, que sería: "terán tamén a consideración de resíduos domésticos" e logo todo para abaixo, 1) os similares aos anteriores xerados...., aí defínense os resíduos domésticos, e fálase dos resíduos dos fogares pero eu creo que entón o que estaba colocado, o que se puxo no artigo 19 que está falándose de pilas e non ten nada que ver falar agora de resíduos domésticos, eu creo que ese texto procedería, encaixaría perfectamente a continuación nese apartado 2, (...)

<u>Sr. Antonio Araúxo:</u> ¿E que incluiríamos? ¿Todo o artigo 19?

<u>Sra. Durán:</u> Non, a partir desta frase:" terán tamén a consideración de resíduos.

<u>Sr. Antonio Araúxo:</u> ¡Ah! a partir desta frase:" terán tamén a consideración de resíduos.

<u>Sra. Durán:</u> Porque o artigo 19 fala de pilas.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Antonio Araúxo: ¡Vale!

Sra. Durán: Entón di, depositámolas nos centros distribuidores........e b) no punto limpo, aí remataría o 19, desde o meu unto de vista.

Sr. Antonio Araúxo: Entón sería desde o número 1 ata o 4.

Sra. Durán: Antes do 1, terán tamén a consideración de resíduos domésticos.

Sr. Antonio Araúxo: Si,si, si, vale trasladalo.

Sra. Durán: Ata o punto 4 polo menos, ese apartado c) non ten sentido, non existiría realmente como apartado c), sinó quedaría dentro do 4, poderíase poñer 4.1) ou 4.a) e 4.b) pero aí ese c) imaxínome que foi que lle saltou no propio programa, á hora de escribilo que lle saltou, o apartado a) e o apartado b) saltoulle

Sr. Antonio Araúxo: Entón o apartado c) quedaría....

Sra. Durán: Dentro do 4.

Sr. Antonio Araúxo: Dentro do 4, suprimiríase o c)

Sra. Durán: Si, exactamente.

Sr. Antonio Araúxo: De acordo. Trasladalo ao artigo 2.

Sra. Durán: 2 n) despois do 2 n)

Sr. Antonio Araúxo: 2 n), vale por nos non hai problema.

Sra. Durán: Ben, despois unha aclaración, cando se fala no artigo 24 dos horarios....

Sr. Alcalde: Perdón, perdoe Sra. Durán que está tomando nota o Secretario qué é o que vale e non lle quedou claro, ¿podía repetirllo? Entendo que era trasladar...

Sra. Durán: O artigo 19 queda redactado, sería: "as pilas usadas, por ser resíduos tóxicos e perigosos deberán ser depositadas polos cidadáns en: a) nos centros distribuidores...b) no punto limpo" e aí remata o artigo 19, e o resto do texto do artigo 19 incluiríase no artigo 2 apartado n) eliminándolle o c)

Sr. Antonio Araúxo: Non o c) senón a letra c)

Sr. Durán: A letra c) saltoulle nunha táboa

Sr. Alcalde: Entendido Sra. Durán, pode continuar.

Sra. Durán: Unha aclaración simplemente, no artigo 24, dise o horario para o depósito de resíduos nos colectores. Na nosa alegación diciamos que aí fálase dos horarios do que é depositar, cando se fala dos horarios de depositar, fálase no casco urbán, as 21:00 h. no verán e a partir das 18:00 h. o resto do ano. Como non se fala do resto das zonas, das parroquias, todo o que sexa fóra do casco urbán, ¿enténdese que non hai horarios?, tamén eu solicitei unha aclaración así pero non se............entendo.

Sr. Antonio Araúxo: Pode entenderse así, claro, pode entenderse así ou pode entenderse que é un horario común para todos.

Sra. Durán: Non, pero eu creo que ten que quedar claro, porque non se pode sancionar a ninguén fóra do casco urbán.

Sr. Pauliño: ¿Sr. Alcalde?, solicitaba a palabra.

Sr. Alcalde: Si, si non lle importa a Sra. Durán, dámoslle a palabra

Sr. Pauliño: Coa licenza, non é mais que nada, porque eu creo que no Pleno, no tema dunha ordenanza hai que traer un texto articulado, evidentemente, que sexa o suficientemente congruente e que o teñamos listo para valoración e votación, visto que a pesar das alegacións que fixo o Partido Popular e Gondomar Concello Aberto, parece que aínda hai bastantes temas que poñer no seu punto, nos propoñemos que se retire da orde do día, que se faga un grupo entre os emendantes e o Goberno, se poña o texto en común, se traia aquí o texto definitivo como debe, ao meu entender creo, como debería de ser para que cada un de nos teñamos claro o que imos a votar e non facer deste Plenario, unha comisión de traballo ao respecto da ordenanza, das alegacións das alegacións,etc,etc, propoño que se retire da orde do día, que se reúnan os grupos representantes dos grupos alegantes mais o Goberno, poñan en común este texto e se traia ao Pleno vistas xa as alegacións que se van a aceptar e non, e as que non se aceptan.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Del Río, doulle a palabra ao Sr. Concelleiro para que interveña, Sr. Araúxo.

Sr. Antonio Araúxo: Imos a ver, eu non teño ningún problema pola miña parte de facer iso que di o Sr. Del Río, non teño absolutamente ningún problema, pero tamén quero dicir unha cousa, o que está aquí emendado, salvo eses erros de transcripción, o que está aquí é ao respecto do que se emendou, o que propoñía a Sra. Durán neste momento era algo que ela non emendou, eu non o vin, iso que me está dicindo como emenda, pero que tamén paréceme ben porque trataríase en todo caso de colocar un texto que segue estando na ordenanza, cambialo de

lugar e metelo noutro sitio, é dicir, o texto ía a quedar exactamente igual, o outro era a transcripción dun erro nada mais, entón o resto xa digo, a vontade foi aceptar todo, e eu creo que se incluíu todo, con mellor ou peor fortuna eu creo que é un texto, nun principio extenso e traballouse sobre as emendas presentadas, iso é así, agora eu non teño ningún inconveniente en deixalo enriba da mesa e tratámolo, non é un asunto de vida e morte.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo, Sra. Durán, ten vostede a palabra.

*Segundo o artigo 78º 2 a) da LSG 2016 deberá someterse o expediente de delimitación a información pública por un prazo mínimo de dous meses, mediante o anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e dous dos diarios de maior difusión da provincia. Así mesmo, notificaránselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

*Tamén deberá remitirse a delimitación e o informe ambiental estratéxico aos organismos sectoriais que é necesario que informen, para que poidan responder mentres se tramita a información pública.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*Neste caso será necesario:*

*-Patrimonio ao afectar a elementos catalogados coma hórreos e cruceiros que están declarados xenericamente BIC.*

*-Deputación Provincial porque unha estrada da súa propiedade atravesa o ámbito do núcleo.*

*-Augas de Galiza porque unha parte do núcleo está a menos de 100 m. do río Morgadáns.*

*Froito do resultado da información pública e informes das administracións sectoriais reformarase no necesario o documento de delimitación do núcleo rural incorporando tamén as determinacións do informe ambiental estratéxico, redactando o documento definitivo para proceder á aprobación provisional segundo o artigo 78º 2 b) da LSG 2016.*

*O día 12.09.2016 iníciase nova apertura de exposición pública, solicitándose informes sectoriais e nova publicación do anuncio no Taboleiro municipal, páxina Web, nos diarios Faro de Vigo (20.09.2016), Atlántico Diario (20.09.2016) e no DOGA do día 22.09.2016.*

*Durante o prazo de información pública formulouse unha alegación a nome de Vicente Piorno González co rexistro de entrada do día 17.11.2016.*

*Considerando o informe sectorial de Deputación de Pontevedra do día 01.12.2016 (R.E. 6125).*

*Considerando o informe do arquitecto municipal de data 23.01.2017 onde literalmente di:*

*"En primeiro lugar procedeuse segundo o artigo 78º 4 a) da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galiza (LSG 2016) remitindo ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada. O órgano ambiental procedeu ao prazo de consulta de dous meses e por resolución do 23 de Agosto de 2016 formulou o informe ambiental estratéxico da delimitación sinalada no asunto. O secretario xeral de calidade ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio resolveu non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a delimitación do solo de núcleo rural de Campo Grande. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais adversos recomenda integrar no planeamento as determinacións que figuran na proposta transcrita na resolución.*

*Polo tanto enténdese sometido a avaliación ambiental estratéxica o documento realizándose tódolos trámites previos á información pública culminando no informe ambiental estratéxico.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*Segundo o artigo 78º 2 a) da LSG 2016 someteuse o expediente de delimitación a información pública por un prazo mínimo de dous meses, mediante o anuncio se publicou no Diario Oficial de Galicia e dous dos diarios de maior difusión da provincia. Así mesmo, notificouse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

*Tamén se remitiu a delimitación e o informe ambiental estratéxico aos organismos sectoriais*

*Neste remitiuse a:*

*-Patrimonio ao afectar a elementos catalogados polo documento. Recibiuse en Patrimonio o 21 de setembro de 2016.*

*-Deputación Provincial porque unha estrada da súa propiedade atravesa o ámbito do núcleo. Recibiuse na deputación o 21 de setembro de 2016.*

*-Augas de Galiza porque unha parte do núcleo está a menos de 100 m. do río Morgadáns. Recibiuse en Augas de Galiza o 20 de setembro de 2016.*

*A información pública rematou o 22 de novembro de 2016 co presentación dunha alegación por parte de Vicente Piorno González.*

*Froito do resultado da información pública e informes das administracións sectoriais reformouse no necesario o documento de delimitación do núcleo rural incorporando tamén as determinacións do informe ambiental estratéxico e redactando o documento definitivo para proceder á aprobación provisional segundo o artigo 78º 2 b) da LSG 2016.*

*O documento para aprobación provisional elaborouse pola arquitecta Delia Prado Figueroa, tendo en conta o anterior recollendo en síntese as seguintes modificacións:*

*1 O documento recolle as determinacións do informe ambiental baseadas nas consultas previas realizadas pola Secretaría Xeral Técnica de Calidade e Avaliación Ambiental á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.*

*2 As determinación anteditas recollidas e xustificadas no documento son, a modo de síntese, as seguintes:*

*- A ordenación do núcleo rural respecta a zona de policía asociada ao regato de Morgadáns, respectando as limitacións de usos recollidas na lexislación de augas indicando as afección sectoriais na planimetría.*

*- Recóllense as medidas da Dirección Xeral do Patrimonio cultural elaborando un Catálogo e establecendo as medidas necesarias para garantir a conservación do patrimonio cultural. Elaboraron se os traballos de campo necesarios para a elaboración do catálogo,*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



*adoptáronse as medidas necesarias para regular os movementos de terra, integrar as novas edificacións no lugar, conservar os muros tradicionais, respectando tódolos elementos configuradores do núcleo.Todo isto recolleuse nas ordenanzas específicas do núcleo que responde ao estudo particularizado do mesmo.*

*-A ordenanza deseñada favorece a integración paisaxística do núcleo no territorio, recolle as medidas da lexislación sectorial para minimizar o risco de incendio forestal no núcleo e a súa contorna, quedando garantido as condicións do abastecemento e o saneamento conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica en coherencia coas DOTS.*

*-Na delimitación recóllense os criterios de ordenación e delimitación da Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais.*

*-A delimitación adáptase ás determinacións da LSG 2016 e do seu regulamento recollendo tódalas determinacións e documentación sinalada neses documentos. Tamén se axustou o marco normativo de referencia á lexislación vixente en materia ambiental.*

*-A delimitación do núcleo fíxose en función das previsións de crecemento que se xustifican axeitadamente no documento.*

*3. No documento inclúese como anexo documental tódolos informes anteriores e a contestación da redactora do documento á alegación presentada. Enténdese que non se debe considerar a alegación polos argumentos sinalados que se reproducen a continuación:*

*"1. Criterios seguidos na delimitación do núcleo rural de Campo Grande, recollidos no punto 7.1.2. da memoria xustificativa:*

*Entre os criterios adoptados na delimitación do solo de núcleo rural proposta, os cales se amparan no disposto na "Guía de boas prácticas nos núcleos rurais" elaborado polo instituto de estudos do territorio, cabe destacar en relación á alegación presentada os que seguen:*

*"(...) se prestou especial atención ao parcelario, en concreto ás limitacións implícitas na súa estrutura, descartando na medida do posible aquelas parcelas que pola súa morfoloxía ou dimensións precisen da transformación dos predios ou reparcelamentos para a súa edificación.*

*Este mesmo criterio é empregado en relación ás formas das parcelas, sendo evidentes as diferenzas entre as ocupadas polas edificacións tradicionais e os terreos resultantes de particións agrarias, de fronte escasa e disposición alongada. Estas últimas se consideran non apropiadas para a súa ocupación tanto pola forma como pola non correspondencia co modo de ocupación tradicional do núcleo.*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



*Con base no exposto e tras analizar o caso particular que se solicita se conclúe no incumprimento de ambas determinacións, sendo necesario para a edificación a alteración dos predios iniciais, o que desemboca na transformación da estrutura parcelaria tradicional e propia do núcleo.*

*Así mesmo na forma da parcela (1) resulta evidente a súa correspondencia cun terreo resultante de particións agrarias, non correspondentes co modo de ocupación tradicional do núcleo. Un feito que se reafirma tras as visitas de campo efectuadas ao lugar, nas que se verifica que as parcelas lindantes con esta, de morfoloxía similar están destinadas a usos agropecuarios na actualidade.*

*A isto se suma a deficiente vinculación da parcela coa estrutura do núcleo, ao localizarse na vertente norte do asentamento, ao outro lado do camiño de Campo Grande, como caso illado. Xa que aínda que a súa localización é inmediata, tal como argumenta o solicitante, esta parte interpreta que nesta zona o camiño actúa como elemento diferenciación e limitación entre a trama edificada e os terreos agrarios ou de cultivo; unha liña delimitadora que se asume na delimitación en coherencia co establecido no artigo 23 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no que refire en relación a delimitación do solo de núcleo rural que:*

*"A definición do seu perímetro se realizará en función das condicións topográficas e a estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes no mesmo nos termos previstos na presente lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes (...)."*

*2. Clasificación no Plan Xeral de Ordenación de 1997*

*Se analizou na elaboración da delimitación de núcleo rural de Campo as determinación e clasificacións contidas no anulado plan do ano 1997 (apartado 6 da memoria), determinando que:*

*(...) se desprende da súa análise que a delimitación do núcleo de Campo Grande do plan supera as necesidades actuais e previstas, ao engadir numerosas parcelas baleiras. Ao que cumpre engadir que afecta a amplas superficies destinadas a pastos e terreos de cultivo merecedores, dende o punto de vista de quen subscribe, de ser preservados da acción urbanística, de modo a dar continuidade ao seu uso actual.*

*Se deduce que a adopción desta alternativa alimenta crecementos rurais dispersos, que ademais de non responder a morfoloxía propia dos núcleos rurais galegos favorece un elevado consumo de solo e un maior desenvolvemento infraestructural. Motivos que levan ao seu descarte como alternativa viable para o núcleo de Campo Grande.*

*3. Existencia dunha antiga vivenda tradicional*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



*En relación á existencia dunha antiga vivenda tradicional de pedra, referir que a Lei 2/2016, de 10 de Febreiro, do Lei do Solo de Galicia, contempla no seu artigo 40, en relación á edificacións existentes de carácter tradicional o que segue:*

*As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.*

*Previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos de aplicación salvo o límite de altura, se permitirá a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación incluso en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.*

*En base ao exposto se conclúe en non considerar a alegación presentada, sendo desestimada a súa proposta de incluír as parcelas indicadas na delimitación de solo de núcleo rural de Campo Grande."*

*O documento para aprobación provisional de xaneiro de 2017 está completo segundo a LSG 2016 e o regulamento que a desenvolve, recollendo as consideracións do trámite ambiental e informes sectoriais.*

*O informe de Patrimonio e o informe de Augas de Galiza non se recibiron no prazo de 3 meses dende a súa recepción polos organismos polo que por analoxía co procedemento para a aprobación do planeamento parcial e especial do artigo 74º pódese considerar emitido en sentido favorable. Sinalar que o regulamento da LSG 2017 respecto ás delimitacións de núcleos rurais indica, unicamente que o concello deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais.*

*O concello cumpriu con esta indicación solicitando os informe coma se dixo; obtívose o da Deputación Provincial, non se recibiu o de Augas de Galiza e o de Patrimonio; con todo no trámite ambiental o organismo correspondente fixo as consultas necesarias realizándose un informe exhaustivo da Dirección Xeral de Patrimonio cunha serie de consideracións que se recolleron no documento coma xa se explicou anteriormente; tamén se recolleu no documento as consideracións respecto á zona de policía do río Morgadáns, debendo pedirse autorización a Augas de Galiza para calquera actuación nesa zona.*

*No trámite de información pública so houbo unha alegación que segundo o expresado anteriormente non debe ser considerada polo que non implica ningunha modificación especial do documento.*

*Por todo o exposto infórmase favorablemente o documento presentado para a aprobación provisional debendo someterse para a mesma ao órgano municipal competente para a aprobación do planeamento xeral, todo elo segundo o artigo 78º 2 b) da LSG 2016."*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*Visto o informado pola Secretaría municipal no seu informe do día 25.01.2017, onde conclúe de xeito favorable a tramitación procedimental da delimitación do NÚCLEO DE CAMPO GRANDE na parroquia de Morgadáns*

*Considerando tramitado o expediente de referencia consonte obriga o artigo 78.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.*

***Polo exposto propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:***

***Primeiro.-** Rexeitar a alegación formulada ao proxecto de delimitación do ámbito do NÚCLEO RURAL DE CAMPO GRANDE EN VILAS, parroquia de MORGADÁNS, a nome de Vicente Piorno González polos motivos contidos no informe do arquitecto municipal do día 23.01.2017.*

***Segundo.-** Aprobar provisionalmente o proxecto de delimitación do ámbito do NÚCLEO RURAL DE CAMPO GRANDE, EN VILAS, parroquia de Morgadáns, deste termo municipal.*

***Terceiro.-** Unha vez aprobado provisionalmente o proxecto de delimitación do ámbito do NÚCLEO RURAL DE CAMPO GRANDE, EN VILAS, parroquia de Morgadáns, darase traslado do expediente completo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

Sr. Araúxo: Como xa lles dicía antes, a única ferramenta que temos neste momento para arranxar estas situacións e outras mais, porque tampouco se trata de actuar en función das urxencias senón que hai mais necesidades e a este tipo de núcleos dálles cobertura pequena, é certo, pero van a servir para que moitas persoas pois poidan desenvolver proxectos de vida e tamén resolver expedientes que pola situación urbanística complexa do noso Concello quedaron atrapados durante os últimos anos, tamén ese tipo de problemática quedaría resolta entre outras cousas porque,como saben vostedes tamén, o criterio que se seguiu para ordenar, para seguir unha orde na delimitación dos núcleos pois foi un pouco pola urxencia de casos e de propostas e de licenzas e peticións que había deste asunto. Ben, como saben tamén, este núcleo empezouse a delimitar no 2015 e cando xa estaba practicamente feito entrou en vigor a nova LOUGA no 2016, o cal obrigounos de novo a reiniciar outra vez a tramitación con mais documentación, mais exhaustiva, e aínda que se puido aproveitalo traballo que se fixo, houbo que facer correccións e houboo que someter de novo, outra vez, a tódalas exposicións públicas que a nova LOUGA require. Teño que dicir tamén que todo ese traballo foi feito cooperando e tendo reunións mesmo en persoa entre os técnicos do Concello e os técnicos da Xunta de Galicia, é dicir, os técnicos municipais desprazáronse á Dirección Xeral de Patrimonio, falaron con Augas de Galicia, é dicir, eles fixeron toda a xestión de todo o que había que falar, tramitar, corrixir, etc. Todo iso fíxose, da man, xa digo, do que nos ían dicindo da Xunta de Galicia. Lamentablemente, pois houbo os informes que son preceptivos, pois uns chegaron e outros non, pero en todo caso a LOUGA tamén fala dun período tempo, de silencio que son tres meses e nos xa por prudencia traémosvolo non aos tres meses senón ven case catro meses mais tarde ¡non!. Dicirlles, por exemplo, que hoxe chegou un dos informes que faltaba que era o de Augas de Galicia, chegou hoxe, e xa lles digo que é favorable, que non hai problema. En todo caso, eu non vou estenderme mais, os razoamentos que son os que importan están, eu

penso que bastante ben aclarados no informe do técnico municipal, que como ven é favorable e no propio informe da Secretaría Xeral, mais referido á tramitación, pero que tamén é favorable. A documentación téñena vostedes á súa disposición, é certo que esta derradeira fase foi un pouco apresurada por esa ausencia que xa lles dixen antes pero tamén é verdade que a documentación fundamental deste asunto pois leva colgada na web do concello uns cantos meses, entón eu creo que o básico para poder aprobar isto, témolo todos e en todo caso pois nos temos a palabra e insisto na petición de responsabilidade neste asunto porque estamos tendo entre mans problemas que hai que resolver e eu creo que para iso estamos nesta Corporación. Nada mais, grazas.

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro, abrimos un turno de intervencións, se vostedes o piden. Pide a palabra o Sr. Fernando Guitián, do grupo Popular, ten vostede a palabra.

Sr. Fernando Guitián: Grazas, vou tentar expoñer a posición do noso grupo, como sempre, con responsabilidade, e por outra banda vou tentar tamén expoñer a posición do noso grupo con coherencia neste tempo e con coherencia co que fixemos cando estabamos no Goberno. Nos por suposto que estamos a prol do desenvolvemento urbanístico do Concello de Gondomar e por suposto que estamos a prol de que se delimiten os núcleos, por suposto que estamos a prol de que o desenvolvemento urbanístico sexa para ben dos veciños, coas consideracións legais oportunas, loxicamente e para un crecemento sustentable, claro que estamos a prol diso. Pero estamos a prol de que iso se faga para todos, para tódolos veciños, porque efectivamente haberá algúns que teñan unhas urxencias, as que sexan, outros terán outras e outros igual non teñen pero hai unha cousa que si que teñen, dereito, teñen dereito a que a administración local lle resolva ou lle desenvolva adecuadamente o seu urbanismo. Determinar por un criterio, o que sexa, cal debe sela listaxe do desenvolvemento, a verdade, nos non estamos de acordo con iso, nos pensamos que, como xa dixen, débese de facer un urbanismo para todos. Pensamos que isto é un urbanismo á carta, con tódalas consideracións que vostede queira ter, pero é un urbanismo á carta e queremos un urbanismo para todos. A urxencia que vostede está dicindo hoxe, que se vai resolver con esta aprobación provisional deste grupo, estaba feita hai dous anos e medio, en setembro de 2014 trouxemos aquí a delimitación deste núcleo, a aprobación provisional da delimitación deste núcleo, en setembro de 2014. Nos nese momento creo que tivemos bastante responsabilidade, non sei outros. Agora está de moda dicir que é mellor tirar para adiante e arranxar desde dentro, iso era o que nos propoñiamos daquela, aprobar provisionalmente, inicialmente o Plan Xeral, onde estaba este núcleo e tódolos demais, e a partir de aí traballar, e esa urxencia que hoxe traemos aquí, dous anos e e medio despois non sería tal, ben non quero estenderme mais, simplemente vou dicir o noso voto, por unha banda por suposto que estamos de acordo con que se delimiten os núcleos, tódolos núcleos, si vostedes van por esta idea de ir delimitando un a un, levan un ano e medio, ¿canto levan no Goberno? dous anos e medio e levan un núcleo, son cento e pico, non quero facela conta. Por suposto entón para rematar, como estou de acordo, estamos de acordo en que se delimiten os núcleos, pois loxicamente deberíamos votar a prol pero como non estamos de acordo na maneira de facelo, pois lévanos a ter un voto de abstención, grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Guitián, Sr. Gómez, pide a palabra o Sr. Gómez de IXG, ten vostede a palabra Sr. Gómez.

Sr. Gómez: Imos ver, a nos tamén nos gustaría que houbese aquí neste momento, xa levan un ano e medio no Goberno, que houbese pois, non chegar a este punto de ir delimitando de

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



núcleo a núcleo, nos gustaría que houbese un Plan Urbanístico en Gondomar, como xa ten agora mesmo un concello aquí ao lado como é Mos, como teñen todos, é que é algo necesario.

O Sr. Guitián dicía que xa hai dous anos e medio que tiñan ese núcleo, creo que non, viña ese núcleo dentro dun Plan que traían para aprobar. Eu como todos vostedes saben formei parte dun Goberno que no ano 2011, o 14 de maio de 2011 entrou un Plan Urbanístico, un PXOM no Concello, entrou no Rexistro co visto bo, naquel momento da Xunta de Galicia e da Directora Xeral de Urbanismo, alí houbéramos solucionado este problema, houbéramos solucionado este, e disto xa pasaron algo mais de cinco anos e se houberan solucionado moitos mais, pero ese, penso que iso de facer un Plan Urbanístico, eses son temas para falar noutro momento, levamos falado de todas estas cousas un montón de tempo e non tiña pensado falar deste Plan do ano 2011 porque eu creo que xa pasou á historia, tocaba, o Sr. Guitián incitoume a que falara deste tema. Referente a isto, claro que a min me gustaría o que dixen antes, que houbese onde estiveran, onde entraran tódolos núcleos, pero no o hai, e neste momento hai que poñerse tamén. Eu pediríalle a toda a Corporación tamén que se poña na situación destas persoas que teñen as súas vivendas denunciadas pola APLU, algunhas con xuízos xa pendentes e nunha situación complicada, e a vivenda dunha persoa é a inversión da súa vida, é a inversión da súa vida e entón hai que poñerse na pel deles, que eles tampouco teñen culpa algunha porque non son vivendas ilegais, son vivendas que pagaron por elas, pagaron a súa licenza, pagaron todo e cando foi co Tribunal Superior de Xustiza anulou aquel Plan colleunos no medio e eles sen culpa algunha quedaron nesa situación, entón hai que poñerse na pel deles e eu si que me poño na pel deles e o noso grupo si que o falamos e démoslle un montón de voltas e iso que dixen antes vólvoo a repetir, que tiña que haber neste momento, tíñamos que ter un Plan Urbanístico pero non o temos. A solución, esta é unha solución provisoria, é unha solución para darlle viabilidade ás vivendas desas persoas, espero que llo solucionen e poñéndose na pel deles e mirando a situación deles porque a verdade non quero nin pensalo, nós, o noso voto por suposto, que neste caso, vai ser a prol. Tamén lembro, ten os informes favorables dos técnicos, informes favorables de Secretaría, todo isto e nos si que imos a aprobar a inclusión e a delimitación de núcleo, nun principio nada mais.

<u>Sr. Alcalde:</u> Moitas grazas, Sr. Gómez, ten a palabra, pide a palabra o Sr. Pauliño del Río, voceiro de CABE, ten vostede a palabra del Río.

<u>Sr. Pauliño del Río:</u> Grazas Sr. Alcalde, a postura de Gondomar Concello Aberto vai ser votar a prol desta iniciativa do Goberno. Estudamos o expediente, é evidente que ás veces sería conveniente facelas cousas, imos dicir, un pouquiño mellor, porque evidentemente o que acaba de dicir agora o concelleiro de urbanismo, un núcleo non deixa de ser unha parte mais dun PXOM coa mesma complexidade ou gran parte da súa complexidade. Significa isto que necesitamos, que evidentemente a nos se nos dan os informes, o primeiro informe que é do arquitecto municipal deste luns, o informe do Secretario deste mércores, é dicir onte, e a documentación foi posta á nosa disposición, creo lembrar onte, tamén polo Concelleiro de Urbanismo co cal poi evidentemente se queres emitir un voto ponderado, responsable e sabendo o que vas votar, evidentemente vas ter que pasarte toda unha noite sen durmir, non parece moi procedente, verdade, que evidentemente isto xa non pasou pola Comisión Informativa,¿correcto? Entón pediriámoslle que no tema do Urbanismo evidentemente pedimos que traiamos as cousas mais acaídas, mais elaboradas, ¿verdade?, onde non se trate aquí simplemente de levantar a man e dicir a prol si ou non, senón de emitir un voto despois de poder estudar toda a documentación do núcleo, que é unha documentación complexa. Nos, vista a tramitación do expediente, despois de velo, hai un informe a prol do Arquitecto Municipal, hai un informe sobre o procedemento emitido polo Secretario, tamén a prol, hai un rexeitamento da única alegación e hai unha serie de veciños afectados ¿correcto? Nos imos a

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

votar a prol porque no noso voto, na nosa ponderación do noso voto tamén está a consideración destes veciños e veciñas, pero coidado, ao mellor non é intención do Goberno e do Concelleiro pero o que sae hoxe na prensa de evitala demolición, de frea a ameaza,etc.,etc., deberiamos de tratar estes temas cun mínimo, un mínimo de seriedade. A xente de Gondomar, e despois de todo o que pasou no urbanismo de Gondomar, xa non é menor de idade e hai que dicirlle as cousas clariñamente e os veciños e veciñas que teñan algunha casuística ¿correcto? algunha casuística que sobarda a situación urbanística porque cando actúa a APLU e a APLU deriva un expediente á fiscalía, ábrese por ilícito penal un expediente de infracción penal, que evidentemente este tema non soluciona e así hai que dicirllo aos veciños e veciñas, hai que empezar a tratar á xente de Gondomar como se fora maior de idade porque o é, e hai que dicir; mira vaise dar seguridade xurídica, evidentemente que se vai dar seguridade xurídica a este núcleo e esperemos que aos oito que teña aí e esperemos que o que di o concelleiro de urbanismo que ao mellor ao remate deste ano temos un Plan Xeral, verémolo pero desde logo non podemos mesturalas cousas ou crear falsas esperanzas na xente porque non lle estamos a contar toda a verdade. Estamos traendo este núcleo aquí con urxencia, nos aceptamos a urxencia, aceptamos, visto o expediente, que se tramite e se aprobe provisionalmente pero vaise solucionar ou vaise dar un marco xurídico a determinados veciños e veciñas de Gondomar, non a solucionarlle outras papeletas ou outras situacións dramáticas que están aí. Gustaríanos que separaran claramente este tema, recordamos aínda neste grupo cando foi o asunto, feito por este Goberno, tema tamén dos expedientes abertos pola APLU, de que había avogados de oficio en funcionamento, de que había denuncias vía contencioso-administrativa, vía penal e aínda non se acaba de rematalo expediente administrativo. Gustaríanos que trataran isto cun mínimo, mínimo de seguridade e que lle dixeran á xente realmente o que hai, imos a darlle seguridade xurídica ao resto dos temas, a ver como se solucionan, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Concelleiro Pauliño del Río, doulle a palabra ao Concelleiro de Urbanismo Antonio Araúxo, ten a palabra o Sr. Concelleiro.

Sr. Antonio Araúxo: Eu teño que agradecerlle a tódolos grupos o sentido do seu voto, como non podía ser doutra maneira, pero quería dicir un par de cousa, eu creo que está bastante claro e non merece a pena darlle mais voltas a isto neste momento, tempo teremos abondo para falar de urbanismo, do Plan Xeral e todo iso, teñan vostedes a completa seguridade. A ver, é algo que eu nunca practiquei nin vou practicar, facer política por revanchismo, non o fixen nunca e non o vou facer, eu cando estou en política asumo as consecuencias, eu tamén fun Alcalde neste Concello e a min tamén tombáronme un Plan Xeral que estaba incipiente e tamén tombáronse aquí dez núcleos que traíamos a delimitar porque non tiñamos maioría ¿de acordo?, tamén teño memoria, saíu pero non quero entrar nese asunto e dicirlles tamén cos titulares de prensa non os poño eu, evidentemente os titulares de prensa non os poño eu, e tamén é algo que eu quero dicir para que quede sentado, polo menos en canto ao que a min respecta, eu non vou a entrar a debater neste Pleno, nunca o fixen tampouco, sobre titulares de prensa, notas de prensa e agora coas redes sociais, non vou a entrar niso, os titulares de prensa non os poño eu e desde logo as persoas afectadas por este asunto saben perfectamente a seriedade coa que se está a tratar este asunto, pódeno crer, e no tema da APLU efectivamente os expedientes están sen rematar e están sen rematar porque se pactou, se chegou a un acordo de deixalos o máximo tempo que a lei o permite obviamente en stand by, ¿de acordo? Outros xa non, outros xa chegaron á fiscalía, algúns, neste momento falo de memoria pero debe de haber uns tres ou catro, entón seriedade absolutamente toda porque isto non é ningunha broma e por último, non se trata de favorecer a uns veciños sobre outros, porque iso pódenos levar a pensar que aqueles que teñen a sorte de que están dentro dos

núcleos delimitados entre os anos 1991 e 1994 son uns privilexiados porque claro non esquezamos que aquí estamos dando licenza, legalizando situacións, etc., etc., toda a problemática urbanística estamos a resolvela de acordo cos núcleos delimitados entre o ano 1991 e 1992, que falo de memoria pero non chegan aos 80 núcleos, non sei o número exacto, pero non chega a eses núcleos, entón ¿qué pasa? ¿que a eses veciños si que podemos resolverlle os asuntos urbanísticos e aos outros non? nos iremos delimitando os núcleos que poidamos e eu estou de acordo con vostede Sr. Guitián que efectivamente a solución é o Plan Xeral, non hai outra, esa é a solución e niso estase traballando, en breve tan pronto estea o novo documento redactado coas achegas da xente pois volveremos a falar sobre ese asunto pero xa lle digo, eu non quero poñelo retrovisor agora, aínda que teño memoria, e en todo caso xa lle anuncio tamén e comprométome na medida do posible a que os demais núcleos que se están a tramitar sairán con mais tempo, con moita mais facilidade para que poidan velos. Este foi o primeiro, houbo que abrilo camiño para podelo resolver, pillounos como lle dixen antes o cambio de lei, tivemos que volver a refacer todo e créanme que non estivemos parados nin un minuto, xa lles dixen antes que o informe de Augas de Galicia chegou onte a última hora ao rexistro e eu tíñao hoxe pola mañá no meu despacho, entón, favorable, quero dicirlle que é un traballo, eu creo moi ben feito polos técnicos do Concello, houbo que contratar algún traballo externo porque nos non tiñamos nin os medios humanos, nin materiais de novos programas que agora hai que traballar con eles para facelo e aí está o traballo. Eu para rematar agradézolle o sentido do seu voto a tódolos grupos e na medida do posible procuraremos que o seguinte núcleo que xa lles adianto que imos procurar tamén traer tamén pronto, que o de Penalba en Mañufe, pois eu espero ese téñano vostedes na man coa antelación suficiente, grazas.

<u>Sr. Alcalde:</u> Grazas Sr. Araúxo, ¿algunha intervención mais sobre este asunto que estamos a debater? ¿ningunha? Dámolo entón por finalizado.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**<u>VOTACIÓN E ACORDO</u>**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 13 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE.; 3 do Grupo Municipal do Gondomar Concello Aberto.; 3 do Grupo Municipal M.M.; e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 4 abstencións: 4 do Grupo Municipal PP.; e ningún voto en contra, a Aprobación Provisional do Proxecto de Delimitación do Ámbito do Núcleo rural de Campo Grande, en Vilas, na parroquia de Morgadáns.**

**b. Moción para declarar o Municipio, Territorio Libre de Paraísos Fiscais.**

*Pola Concelleira do Grupo PSOE, Dna. Iria Lamas Salgueiro, dáse lectura á Moción presentada con data 23.01.2017, que literalmente di:*

***MOCIÓN: PARA DECLARAR O MUNICIPIO TERRITORIO LIBRE DE PARAISOS FISCAiS.***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

**_Exposición de motivos_**

*Os paraísos fiscais provocan disfuncións en todo o mundo, cun grave custe tanto a nivel global coma a nivel local. O seu uso disparouse nas últimas décadas. No 2.014, a inversión mundial en paraísos fiscais era catro veces superior ca do ano 2001, crecendo o dobre de rápido que a economía mundial nese período. Mentres a metade do comercio mundial pasa xa por un paraíso fiscal, a súa utilización case xeneralizada por multinacionais de todo o mundo xera una discriminación económica para as pequenas e medianas empresas que non queren facer uso delas.*

*Non existe una definición universal de paraíso fiscal, pero de modo xeral, trátase de zonas que se caracterizan por una baixa ou nula tributación, ademais de por un elevado nivel de opacidade e de un marco lexislativo que permite a creación de empresas sen a necesidade de que teñan que levar a cabo una actividade económica real. Os impactos sociais que se derivan son elevados. A evasión fiscal a través de paraísos fiscais reducen considerablemente a recadación pública, polo que é máis difícil financiar o gasto dos servizos sociais. Así mesmo, o segredo facilita tamén o branqueo de capitais, a corrupción, a financiación do crime organizado, mafias e grupos terroristas, o encubrimento de tráfico de armas e outras actividades contrarias os dereitos humanos e o ben común.*

*As graves consecuencias que conlevan os paraísos fiscais fan que diferentes actores internacionais (tales coma o G7, o G20, a OCDE ou a UE) estean tomando medidas para obrigar a un maior control sobre a utilización por parte de grandes empresas para eludir ou evadir impostas. Neste senso, a reforma do sistema fiscal internacional liderada pala OCDE baixo o mandato do G20 recoñeceu entre outras medidas, a necesidade de incrementar a transparencia na información que aportan as grandes empresas, facendo obrigatorio que as multinacionais presenten un listado onde figuren as filiais que teñen en cada un dos países nos que operen, así coma os seus datos da actividade económica e pago de impostos en cada un destes países. O Goberno español incluíu este requirimento de información na nova directiva sobre sociedade de capital, polo que as grandes empresas deberán presentalo a partir do 2016. Este é un avance lexislativo necesario, pero non suficiente. Tan só as empresas cun volume de facturación superior aos 750 millóns de euros ao ano estarán obrigadas a presentar esta información, que ademais non será accesible publicamente.*

*Os concellos poden, en todo caso, desempeñar un papel fundamental na redución do impacto dos paraísos fiscais para contrarrestar a falla da vontade política das institucións internacionais e os distintos gobernos. Este será un paso fundamental para antepoñer as necesidades da cidadanía aos intereses das grandes corporacións.*

*É una auténtica contradición que con impostos que pagan os propios cidadáns se premien ás empresas que teñan un comportamento fiscal pouco responsable, a través dos contratos públicos, en lugar de investir nas melloras das condicións de vida da cidadanía. Os concellos poden exercer un maior control sobre os concursos públicos locais para que estes*

*déanse en condicións de libre competencia, e non de dumping fiscal, e velar polo mantemento dos recursos públicos para a redución da desigualdade.*

*Por estes motivos, o Concello de Gondomar comprométese a :*

1. *Declaralo municipio territorio libre de paraísos fiscais, comprometéndose a dar os pasos necesarios para asegurar que os concursos públicos favorezan ás empresas que teñan condutas fiscais responsables, en detrimento das empresas que empregan os paraísos fiscais para evadir ou eludir impostos.*
2. *Estudar, detectar e activalos mecanismos necesarios para dificultar, para a prestación de servizos públicos, a contratación de empresas probadas que teñan a súa sede social en paraísos fiscais.*
3. *Comprometerse a tomalas medidas de transparencia seguintes:*
   a. *Facer público o compromiso desta moción á Cidadanía do Municipio, a Oxfam Intermón, aos Grupos Parlamentarios Municipais e á Comisión de Economía da Comunidade Autónoma, aos Gobernos da Comunidade Autónoma e de España e ao Ministerio de Facenda.*
   b. *Traballar para que estes compromisos se traduzan na tramitación das disposicións legais necesarias para o seu articulado no prazo máximo de________meses desde a aprobación da presente moción.*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Concelleira, ¿intervencións sobre esta moción? Sra. Durán, ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Grazas Alcalde, soamente quería preguntarlles con relación a isto, unha curiosidade, é que no código de rexistro de entrada desta moción aparece o ano 2011, non sei se é unha moción do ano 2011 que a traen agora ou é que hai problemas no rexistro, é que a estou a comparar coa moción do Concello Aberto que si fala do 2107, pois a min deixáronme unha, a que subiron é do 2011.

Sra. Iria Lamas: Si, é un erro.

Sra. Durán: Soamente iso, está con aniños de retraso, nada.

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Simplemente manifestala nosa intención de voto que aínda que sexa do 2011, válenos e imos votar a prol, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, a moción non é do 2011, é do 2017, o que pasa que si que hai un erro nesa moción, pero nesta non, nesta que ten o Secretario a etiqueta tena ben e todo, non sei porque puido pasar iso, estou vendo aquí unha etiqueta de rexistro que si que está ben, vale

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

continuamos. ¿Intervencións? Sr. Pauliño ¿quere vostede intervir?, Sr. Villar, ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Si, boas tardes, esta é unha moción tipo de Intermón Oxfam, o curioso do asunto é que esta moción a presentei eu exactamente igual en novembro, fai dous meses, e é mais e que xa non é que me sorprenda que non se lembren, senón que ademais os puntos desta moción, que falaban de; declaralo municipio territorio libre de paraísos fiscais, estudar e detectar mecanismos necesarios para dificultar a contratación de empresas probadas que teñan a súa sede social en paraísos fiscais e o facer público o compromiso desta moción á cidadanía, pois aínda non se fixo, entón é un pouco contraditorio que por unha banda non cumpriran a moción que está presentada en novembro e hoxe traian esta moción, como entendendo que queren apoiar esta moción, entón simplemente iso.

Sr. Alcalde: Moi ben, no seu momento apoiamos súa creo,¿non? o que pasa é que temos moitas similitudes o seu grupo e o noso, entón é normal que coincidamos nestes temas. Bueno, sometemos a votación entón a moción.

Sr.Villar: Desculpe Sr. Alcalde. Non é coincidir ou non coincidir, é que aquí hai unha serie de puntos que vostede non cumpriu e hoxe volve a traer esta moción para que se cumpra, simplemente digo que cumpra os puntos e xa está.

Sr. Alcalde: Non é motivo de debate a súa moción de hai tres meses, senón esta, polo tanto ímonos a cinguir ao que temos enriba da mesa e é motivo de debate que é esta moción en si, o que queira apoiala que a apoie, o que non a queira apoiar, obviamente pode facer o que considere.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción para declarar o Municipio, Territorio Libre de Paraísos Fiscais.**

**c. Moción Canalización Augas Pluviais e Limpeza Camiño dos Amados, Peitieiros.**

Sr. Alcalde: Debe de haber aquí un erro tamén, na Moción de Gondomar Concello Aberto, de Pauliño del Río sobre a Canalización Augas Pluviais e Limpeza Camiño dos Amados, Peitieiros, aquí nesta que temos nos ten así algunha errata pero, non sei se tamén se trata dalgún problema, non o sei,pois mire a que temos nos pon Gondomar Concello Aserto e despois pon canauzación augas pluviais e umpeza Camiño dos Amados, Peitieiros, pero enténdese, sobre enténdese, con todo dinme, estaba vendo aquí o orixinal e non o ten.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Sr. Pauliño del Río: Eu teño unha copia cun rexistro de entrada da administración municipal, que vostede preside, e non miro ningunha, nada dese tema pero os erros que estou escoitando por aquí imos empezar a ter que cotexalas copias.

Sr. Alcalde: Sempre hai que cotexalas

Sr. Pauliño del Río: É que nin vexo nada de Gondomar Concello non sei que, nin nada de, eu creo que é correcto, menos mal que o secretario di, certifica ou polo menos di que está correctamente posto, en todo caso.

Sr. Alcalde: Pásalle unha, para que o mire, tamén convén por todos.

Sr. Pauliño del Río: Pero esa, pois a verdade é que a día de hoxe, xa me cría pouco na súa administración municipal pero a día de hoxe non me vou a crer nin a copia

Sr. Alcalde: Entón, estamos contentos, acabamos de.....recibir un premio por iso, créame.

Sr. Pauliño del Río: Nin a copia, acaban de recibir un premio.

Sr. Alcalde: Sendo un Concello modélico na sede electrónica, iso da que pensar.

Sr. Pauliño del Río: Parabéns, iso da que pensar como será o resto...efectivamente, como estarán os outros Concellos, si a vostedes lle deron un premio, ¡cómo será o resto!

Sr. Alcalde: Pero, témolo.

Sr. Pauliño del Río: Vista esta brincadeira ¿podemos ler?, en principio isto que pode parecer unha brincadeira mais ou menos porque ademais é un tema que se pode emendar aquí porque o Secretario ten un orixinal como te Concello Aberto onde pódese ver que efectivamente iso non se corresponde co que se presentou, como rogo; detecten ónde está ese tipo de erros, porque se estamos falando doutro tipo de cousas que poidan dar lugar á perda dalgún dereito pois pode resultar complicado para o Concello.

*Pola Concelleiro do Grupo Gondomar Concello Aberto, D. Pauliño del Río Iglesias, dáse lectura á Moción presentada con data 23.01.2017, que literalmente di:*

***MOCIÓN: CANALIZACIÓN AUGAS PLUVIAIS E LIMPEZA CAMIÑO DOS AMADOS, PEITIEIROS.***

***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:***

*O camiño que discorre dende a estrada provincial PO 2301 (Gondomar- Peitieiros) no barrio dos Amados, na parroquia de Peitieiros existe unha canalización de augas pluviais na marxe esquerda do camiño. Curiosamente cando se asfaltou este deixouse unha franxa lonxitudinal de uns cincuenta metros sen a devandita canalización.*

*Debido a esta eiva moitos das propiedades (leiras e casas) que están situadas na marxe dereita reciben as augas pluviais xunto coa terra e pedrugallo que arrastran, podendo danar peches ou muros, ademais de que estas descorren polo medio do camiño coa incomodidade para os veciños e veciñas que por alí transitan e aumentando o perigo para o tránsito rodado .*

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*Por outra banda, non se procedeu á limpeza dos ramallos e silvas que medran no perimetral do camiño en todo o ano 2016 que deste xeito invaden o camiño, estreitando a calzada para a circulación.*

*Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguinte:*

***ACORDO:***

*O Pleno do Concello de Gondomar insta ao Goberno Municipal para que proceda á canalización de augas pluviais no tramo que falta e se proceda á limpeza do devandito camiño nos Amados, Peitieiros.*

*Que o Sr. Alcalde dea conta a este Pleno das xestións realizadas ao efecto.*

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Pauliño, dicirlle que somos conscientes desa situación, de feito, e non é porque haxa presentado a moción que tamén facémoslle obviamente caso, xa estivemos a mirar esa zona e de feito xa se está facendo mesmo unha memoria valorada do barrio de Amados para estudala posibilidade de facer a rede de saneamento a través do POS 2017, neso están os técnicos traballando nesa zona e tomamos nota ademais da moción para atoparlle un arranxo de maneira inmediata. Moitas grazas, ¿hai algunha intervención mais sobre esta moción? ¿ningunha?

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción Canalización Augas Pluviais e Limpeza Camiño dos Amados, Peitieiros.**

**10. Rogos e preguntas.**

Procédese a continuación a dar conta do Decreto de Alcaldía de data 30.01.2017 polo cal dase validez ás respostas ás preguntas formuladas no Pleno nº 14/2016 do Concello de Gondomar celebrado con data 01.12.2016 cuxo contido mostramos literalmente a continuación:

***DECRETO DE ALCALDÍA***

***ASTO.: RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO Nº 14/2016 DO CONCELLO DE GONDOMAR CELEBRADO CON DATA 01/12/2016.***

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

*Vistas as preguntas formuladas na Sesión Plenaria nº14/2016 celebrada con data 01/12/2016 extraídas da Acta da Sesión Ordinaria nº 14/2016 do Pleno do Concello.*

*Vistas as respostas recibidas a ditas preguntas emitidas polo Alcalde e polos Concelleiros aosque ían destinadas.*

***RESOLVO:***

***Primeiro.-*** *Darlle validez ás respostas ás preguntas da correspondente Sesión Plenaria, que se reproducen fielmente a continuación:*

- ***PREGUNTAS DIRIXIDAS AO SR. ALCALDE FRANCISCO FERREIRA GONZÁLEZ***

- ***FORMULADAS POLA SRA. DURÁN:***

- *NOMEAMENTO REPRESENTANTE ÁREA METROPOLITANA*

*¿Xa teñen mais ou menos dirixido o asunto sobre o nomeamento deste segundo representante do Concello de Gondomar para a Área Metropolitana de Vigo? si xa mais ou menos teñen decidido cómo van a facer para por en marcha correctamente este nomeamento do segundo representante que lle corresponde ao Grupo do Partido Popular.*

*Resposta:*

*Estamos co procedemento, pendente de informe de Secretaría, podendo vostede acceder ao expediente para maior coñecemento.*

- ***FORMULADAS POLO SR. PAULIÑO DEL RÍO:***

- *CÁMARAS DE VÍDEO NO PRIMEIRO ANDAR*

*Gustaríame saber qué é o que se grava, cántas horas se grava, quén ten acceso a esas gravacións e todo canto vostede me poda informar a ese respecto. non vaia a ser que esteamos incumprindo, ou infrinxindo ou bordeando a legalidade e a privacidade tanto das veciñas ou veciños que pasan por aí, como do persoal que traballa nas dependencias do Concello onde hai cámaras.*

*Resposta:*

*Estou á espera do informe da empresa responsable.*

- *LEVANTAMENTO DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN*

Vostede me dixo que xa estaba no propio informe de intervención, o motivo dos reparos de intervención, non era iso o que lle preguntaba, o que lle preguntaba era os motivos polos cales

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

vostede levantaba o reparo. En relación as contas que presenta vostede neste Pleno, gustaríanos saber por qué, porque é curioso que de 17 relación de facturas por un valor de 166.000 euros, 44.000, unha factura estea informada favorablemente e as outras 16 por valor de mais de 120.000 euros están informadas desfavorablemente, gustaríame saber por qué ou si vai no camiño de intentar ir solucionando este tema que se vai indo dun Goberno para outro, e este se vai herdando.

Resposta:

Ten vostede toda a documentación no departamento de Intervención para o seu estudo.

- **PREGUNTAS DIRIXIDAS Á CONCELLEIRA NURIA LAMEIRO VALVERDE:**

- **FORMULADAS POLA SRA. DURÁN:**

- *ACTIVIDADES EN MATERIA DE IGUALDADE*

¿Qué actividades se fixeron este ano cos Centros Educativos de Gondomar tanto nos Colexios de Primaria como nos Institutos en materia de Igualdade?.

Resposta:

As actividades foron as seguintes:

**CURSO PREPARATORIO PARA A PROBA LIBRE DA ESO**

Obxectivos: preparar ao alumnado para a proba libre da ESO Solicitudes: 20

Alumnado: 11 homes + 9 mulleres

**FORMACIÓN ON-LINE**

Cursos:

O ensino de inglés para nenos/as de 1 a 3 anos

Obxectivos: adquirir os coñecementos necesarios para levar a cabo unha boa intervención educativa da lingua inglesas nestas idades, así como para poder elaborar unha proposta de traballo adecuada e axustada ás necesidades do alumnado.

Duración: 40h (6 semanas) Alumnado: 15 mulleres

Hixiene e manipulación de alimentos

Obxectivos: proporcionar información clara e de fácil comprensión que permita que manipulen alimentos, afrontar a manipulación de alimentos coas máximas garantías hixiénicas, evitando e minimizando riscos derivados de malas prácticas

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Duración: 5h (2 semanas) Alumnado: 10 mulleres + 5 homes

Elaboración de Proxectos e propostas de tempo libre

Obxectivos: capacitar elaborar unha adecuada proposta e diferenciar os marcos de referencia que se poden atribuír á intervención no tempo libre infantil e xuvenil

Duración: 40h

Alumnado: 15 mulleres

**ACTIVIDADES DO CIM 2016**

**IV CARREIRA A PROL DA CORRESPONSABILIDADE**

IES Auga da Laxe

IES Terra de Turonio 8 de marzo

67 nenas + 53 nenes = 120 participantes

**GONDOVERÁN**

45 nenas + 55 nenos = 100

Reservas: 18

**CURSO: MECÁNICA BÁSICA DO AUTOMÓBIL**

Obxectivos: Adquirir as competencias básicas para un axeitado mantemento do propio automóbil; Aprender a localizar as avarías máis usuais e saber realizar pequenas reparacións.

Duración: 40h Solicitudes: 19

Alumnado: 12 mulleres + 3 homes

**CURSO: MICROSOFT OFFICE**

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Obxectivos: Dominar os programas do paquete de Office (Word, Excel,Access e Power Point)

Duración: 72h

Solicitudes: 17

Alumnado: 14 mulleres + 1 home

**25 DE NOVIEMBRE - EDICIÓN LIBRO "OS BOLECHAS NO CAMIÑO DA IGUALDADE EN GONDOMAR"**

-Presentación do libro co autor Pepe Carreño e "Os Bolechas" no Auditorio Lois Tobío

- **PREGUNTAS DIRIXIDAS Á CONCELLEIRA IRIA LAMAS SALGUEIRO:**

- **FORMULADAS POLA SRA. FERNÁNDEZ:**

- MARQUESIÑA DE COUSO E OUTRAS MARQUESIÑAS DO CONCELLO

Preguntar sobre a marquesiña de Couso, nos di que está valorando distintos orzamentos para tomala decisión. Pregunto si está decidido ese orzamento e para cándo, e tamén lembrar que aínda hai moitas marquesiñas sen arranxar polas parroquias,¿para cándo as van arranxar?.

Resposta:

Unha vez analizados os orzamentos, procederase a súa colocación un curto período de tempo.

- **FORMULADAS POLO SR. PAULIÑO DEL RÍO:**

- PODAS INDISCRIMINADAS

Acábanse de volver a producir podas indiscriminadas e realizadas de forma bastante agresiva, gustaríame saber si se puxeron en contacto coa empresa ou non, etc., etc., porque esa moción se aprobou aquí e agora estamos nas mesmas.

Resposta:

Está realizada baixo as indicacións oportunas

- **FORMULADAS POLO SR. VILLAR:**

- QUÉ FACER COS RESTOS DAS PODAS Á BEIRA DOS COLECTORES

Os restos da poda normalmente á beira dos colectores, gustaríanos saber o que ten pensado facer o Goberno a este respecto ou si xa moveu ficha.

Resposta:

Realizaranse actuacións puntuais para a súa recollida

- **PREGUNTAS DIRIXIDAS AO CONCELLEIRO XOSÉ ANTÓN ARAÚXO RODRÍGUEZ:**

- **FORMULADAS POLO SR. VILLAR:**

- USOS DAS AULAS E OFICINAS DO C.D.L.

¿Cáles son os usos actuais das diferentes aulas do C.D.L. tanto do colexio como das oficinas e ata cándo está programada cada unha das actividades ou usos que nelas se fan?

Resposta:

A resposta é reiterativa, hai dúas salas de ordenadores que se usan para cursos e ese vai seguir sendo o seu uso, unha oficina úsaa a técnica de emprego, outra a traballadora de atención temperá, outra a antena da cámara de comercio, outra está para uso da concellaría de turismo e comercio e a oficina grande utiliza a dirección do curso de turismo que actualmente se está desenvolvendo.

- ENQUISAS DO MERCADILLO

¿Por qué destruíu a enquisa antes de pechar ou de solucionar ese traslado que vostede pretendía artellar, destruíndo a principal proba e argumento que vostede ten para xustificar ese traslado, supoño que se vostede quere facelo, terá que argumentar con esta enquisa e terá que estar a disposición dos demais grupos, e ¿por qué a destruíu?

Resposta:

As enquisas foi un método para recoller información para un posible traslado de día para a celebración da feira, unha vez obtida a información a acumulación de papeis non me ten utilidade ningunha. A mellor enquisa é que a día de hoxe hai case 80 vendedores/as que queren exercer a venda ambulante en Gondomar, co beneficio que iso implicaría para o comercio local e para o concello.

- ORDENANZA MUNICIPAL - MERCADILLO

¿Está o Goberno de Gondomar cumprindo coa propia Ordenanza nas súas obrigas? En caso negativo de que non esteades a cumprir con esas obrigas, cáles son esas medidas que van a tomar?¿Vostede tiña pensado traer a este Pleno de novembro, a modificación da Ordenanza? Por outra banda ¿O traslado do mercadillo cumpre co que di a Ordenanza?

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Resposta:

A día de hoxe o goberno non está cumprindo coa ordenanza, como tampouco cumpriu ningún goberno anterior, pois o mercadiño foi deixado da man de deus, e por non saber nin se sabe a xente que exerce a venda ambulante pois ningún ten autorización para facela, só se sabe o número de postos que hai, pero así se veu facendo sempre.

**Segundo.-** Darlle traslado desta resolución de validez a tódolos voceiros dos grupos políticos con representación neste Concello, aos efectos oportunos.

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Alcalde: Solicita a palabra o voceiro do Partido Popular, Fernando Guitián, ten vostede a palabra.

Sr: Fernando Guitián: Grazas Alcalde, dúas cuestións, non sei se estarían en rogos ou en preguntas, eu llas fago e a ver, son as dúas relacionadas cos cemiterios. No cemiterio de Vincios fixérase un proxecto para unha ampliación, ampliación xa dentro do propio cemiterio, para facer uns nichos na zona que aínda non está ocupada, fixérase un proxecto, teno Concello, creo que o levou a Patrimonio e quería saber si xa teñen resposta ou non ou en que estado de tramitación está ese proxecto e se de momento está en Patrimonio, polo que me din que xa leva mais de seis meses. O rogo sería co Alcalde faga unha xestión o alcalde ou o concelleiro do ramo que corresponda, faga unha xestión con Patrimonio para ver si son quen de acelerala resposta dese proxecto, se sé anima a chamarme a min coa xestión que faga,pois tamén llo agradecería, en vez de agardar a tela resposta no Pleno se pode chamarme e dime como lle foi o tema pois llo agradecería.

Sr. Alcalde: Sabe que si, que o vou a chamar porque ademais hai fío directo como sempre sabe.

Sr. Fernando Guitián: Pois moitísimas grazas, non hai problema, chámame ao móbil e listo. Segunda; no cemiterio de San Cibrán, eu o rogo que lle fago é, polo que sei, están as obras feitas, foi un proxecto que tamén fixera este Concello e o que sei polo que eu entendo, o que queda agora é facelo proceso, o procedemento para adxudicar a concesión dos nichos e iso está sen facer, a xente claro mira que está feita a ampliación do cemiterio e ve que non, que non están en disposición de tela propiedade, a concesión do nicho e claro empezan a preocuparse, é lóxico porque iso xa leva tempo, é cuestión de facer un expediente, aínda hai pouco mirei eu no BOP que saíra un, non me lembro de qué concello, debe ser unha cousa relativamente sinxela, ten vostede a ordenanza do cemiterio, que é unha, o feito de que sexa unha poboación pequena, é moito mais doado para facelo reparto, a concesión, é dicir a adxudicación, ¡vaia!. Pois o rogo é que por favor, iso está feito, que fagan o proceso de adxudicación, e se pode me chame, antes de agardar ao Pleno, para saber cómo vai esta xestión. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Guitián, chamaremos, informareille do expediente do proxecto de Cemiterio de Vincios, non sei se lle vou chamar antes do Pleno porque o Pleno é o próximo xoves pero farei o posible para darlle a información necesaria, sobre o tema do cemiterio de San Cibrán acaban de ser recepcionadas as obras e agora están os técnicos municipais Secretaría e Intervención mirando todo o proceso de adxudicación, taxa, prezos, servizos para levar a cabo a adxudicación dos nichos aos veciños, con certa, obviamente con obxectividade e todo o demais de acordo á normativa vixente. Grazas. ¿Sra. Durán?

Sra. Durán: Si, grazas Sr. Alcalde, simplemente quería solicitar, como xa fixen o ano pasado, as memorias da Concellería de Igualdade e da Concellería de Benestar Social, e Sra. Cambra, pídolle a do 2015, outra vez, e pídolle a nova xa do 2016, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sra. Durán se lle trasladarán as memorias de 2015 e 2016, que tomen nota as Concelleiras,

Sra. Durán: De Igualdade a de 2015 xa está, soamente, simplemente solicito a do 2016

Sr. Alcalde: A de Igualdade estana rematando, teñen que tela antes do día 31 deste mes para xustificalas subvencións e todo o demais, está con todo iso o departamento e a do 2015 de Benestar xunto coa do 2016, a Concelleira que tome nota para trasladárselle, para darlle a vostedes esa información. Grazas, ¿mais intervencións? ¿mais palabras? Partido Popular, nada mais, IXG ¿Sr. Gómez?

Sr. Gómez: Imos ver, algunhas, eu creo que todas son repetidas xa, unha primeira é, gustaríanos saber xa se nos pode dicir cómo está o tema en Morgadáns do saneamento da Pedra, isto creo que levamos xa dúas lexislaturas ou algo así, eu creo que xa hai dous proxectos, tres proxectos, non sei cantos, tantas, houbo tantas respostas que eu xa lle perdín o, xa lle perdín o fío a este tema, quería que me dixeran en que situación o teñen, se se vai a facer, cándo se vai a facer, quen o vai a facer, iso, que nos digan algo de como está o saneamento da Pedra, na parroquia de Morgadáns. Outra, tamén o falamos aquí, o cruceiro de Mañufe, que nun principio barallábase a posibilidade, polo paseo este, de que......cando terminen, é que non me deixan falar.

Sr. Alcalde: Si, pido por favor silencio, sen interrupcións, Sr. Gómez, continúe.

Sr. Gómez: Grazas Alcalde, iso, nun principio por esa senda peonil que se ía a facer, barallábase a posibilidade dunha rotonda, de poñelo alí, despois comentáranos vostede Sr. Alcalde de que non porque hai xente que vai alí a facelas ofrendas e sería un risco claro,cruzala vía para acceder a el, que estaban a barallar outras posibilidades que ao parecer a aseguradora xa pagara ou ía pagar, queríamos saber, eu creo que xa levamos algo mais dun ano sen o cruceiro, como xa dixen unha vez, houbo desgraciadamente moitos accidentes que tiraran xa co cruceiro de Mañufe pero nunca se tardou tanto en repoñer, saber como teñen o tema e cando van a repoñelo.

E outro tema é o acceso para o Concello das persoas con mobilidade reducida, minusválidos, aquí no concello había un aparato que creo que nunca funcionou, cando chegou vostede, arrincouse, nun principio pensabamos que era para reparalo pero non din que estaban cun concurso de ideas para facer una rampla, algo así, saber si ese concurso xa se iniciou ou como está, e nun principio nada mais.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sr. Gómez, respecto á primeira pregunta do saneamento da pedra, como ben sabe hai dous proxectos e teñen un valor determinado cada un deles para levar a cabo as obras. Pedíronse, presentáronse cada un deses proxectos para unha subvención que non se nos concedeu e agora estamos a estudar tamén a posibilidade dentro dos fondos ou do POS 2016, ver se hai maneira de encaixalo saneamento da pedra como un investimento para

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

este ano, sabemos que a pedra, o saneamento, é unha materia pendente non so por este Goberno senón por tódolos gobernos do pasado, esperamos darlle unha solución, aínda que non é moi fácil, obviamente hai que conseguir mais ou menos medio millón de euros, entón ese é o gran problema do saneamento da pedra como todo o saneamento que hai en Gondomar.

O cruceiro de Mañufe podo dicirlle que si que é certo que se falou de poñelo nunha rotonda que podería encaixarse dentro dunha estrada 340 PO 340, que se fixo unha memoria valorada, que se presentou á Xunta pero non hai nada diso, entón ¿qué imos a facer co cruceiro de Mañufe? Unha vez que xa, que é o caso, cobramos da aseguradora arredor dos 10.000 euros que é o que vale repoñelo cruceiro, que xa temos efectivo, temos efectivo xa ademais nas nosas contas eses cartos e xa temos os tres orzamentos para comezar a facelo, creo lembrar que nos imos quedar cun restaurador, Buceta, non me lembro sei que é....Gonzalo Buceta de renome, unha persoa de prestixio que está facendo as reformas da Catedral de Santiago e agora mesmo estamos pendentes do Informe de Patrimonio para que empece a facelo. Había certas dúbidas ou especulacións acerca de quen lle fala, de metelo no medio da rotonda, unha cousa e outra, teño que dicirlle que como as cousas do palacio van amodo, e ao final non sabemos aínda cando se van a comezar as obras da senda peonil, aínda que pronto porque xa estivo exposto o proxecto e demais eu creo que o mellor é restauralo cruceiro canto antes, poñelo no sitio que estaba e rematalo así que teñámolo informe de Patrimonio e demais e despois se pasa por aí unha senda e hai que quitalo, Deus dirá, nunca mellor dito, volveremos a actuar sobre ese tema.

Sobre o acceso ao Concello municipal, sabemos todos que temos unha dificultade complicada para acceder ao Concello e podo dicirlle que levan pasado por aí varios arquitectos dando ideas, aínda que algún deles atreveuse mesmo a plasmala en algún documento extraoficial e non lle atopamos alí ningunha maneira axeitada para facer un acceso, unha rampla sen rompela contorna e xustamente estamos a traballar sobre un proxecto aí que ademais esta a traballar sobre esa idea un arquitecto de Gondomar Pablo Muíños, sobre unha idea de facer unha rampla aproveitando...cousas de arquitectos ou de enxeñeiros e aproveitando ademais unha idea na que estamos a traballar, neste caso a ver que sae, non sei se dan as contas do 6% e demais pero estamos traballando nesa idea, idea por certo que facilitou Fernando Guitián como enxeñeiro que cre que lle pode buscar un encaixe mellor ao facer aí o acceso porque ben é certo que, xa hai que dicilo tamén, que xa traballou el tamén no seu mandato en buscarlle unha solución e non é moi doado, falaban de ascensores, falaban de ramplas, teñen que ter unhas cotas determinadas, e está a estudar xustamente ese arquitecto un plantexamento que el o outro día desinteresadamente facíame esa proposta e a ver se se pode facer. Vale.

¿Mais preguntas? ¿rogos? ¿Sr. Gómez, vostede rematou? ¿si? ¿ten algunha mais? ¿ten unha mais? Si, dígame

Sr. Gómez: Si, quería saber, de momento estamos informados pola prensa, o mercadillo de Gondomar que está os luns, barallábase a posibilidade dos sábados, agora dise os luns e sábados, saber se vai selos dous días, un día só, saber cómo, en que situación está o do mercadillo, que se me esqueceu e con esta xa nada mais.

Sr. Alcalde: Esa é unha boa pregunta, contéstalle o Concelleiro de Comercio o Sr. Antón.

Sr. Antón Araúxo: Hola, boa noite, a proposta da Concellería desde un principio era o traslado para os sábados porque iso xeraría un dinamismo económico que non xera a feira dos luns que non achega plusvalía ningunha ao comercio de Gondomar eu quixera simplemente facer unha proposta dun grupo de comerciantes, de vendedores ambulantes que aproveitando que o Guadiana pasa por Valladolid, peor pode pasar, pódese facer pasar, non querían a feira os sábados pero propoñían unha alternativa os luns e sábados, entón viñan os dous días, os luns

e sábados, aqueles que non a querían os sábados apúntanse agora aos dous días. A proposta da Concellería é o traslado para os sábados. Non hai outra proposta e niso estase a traballar.

Sr. Alcalde: Ben, ¿mais preguntas? O grupo Municipal CABE, Sr. Pauliño.

Sr. Pauliño del Río: A primeira é saber se o rogo que se fixo aquí, por parte nosa no anterior Pleno creo lembrar, sobre a incorporación da contestación das preguntas que se lle fan ao Goberno no expediente do Pleno, porque da maneira que nos seguen a remitilos Plenos mediante unha carta individualizada a cada un dos Grupos, estas son preguntas que se fan aquí publicamente e debían de constar publicamente no expediente do Pleno para que todos e todas, non só os Concelleiros, tiveran acceso a elas, tamén á veciñanza que lle gusta ás veces miralos expedientes ou as actas que tiveran tamén coñecemento das respostas ás preguntas que se lle fan. Non se nos contesta e gustaríanos saber ¿qué pasa?.

Despois gustaríanos que nos contestara tamén o ¿por qué do baldeo das rúas no inverno e cunha prealerta de seca? Gustaríanos saber tamén ¿por qué cando se retiraron tódolos adornos da época do Nadal quedaron os xardíns cheos das bridas que suxeitaban os distintos elementos do alumeado e outros elementos deste asunto do Nadal, estaban cheíños de bridas.

Gustaríanos saber ¿por qué o Concello, ou senón desmíntano, que é unha pregunta e non unha afirmación, en todo caso, pero a nos chéganos que o Concello concedeu pintar unha zona coa raia continua impedindo o aparcadoiro nunha estrada que é competencia da Xunta, que é a que vai de Gondomar a Nigrán e que a altura da gasolineira, a raia pintada que impide que os veciños e veciñas aparquen aí porque cando entendo eu ou entendemos nos que é unha estrada autonómica e polo tanto quen ten que proceder a sinalizala é estradas da Xunta e non operarios do Concello.

Ben, creo que xa contestou aquí á pregunta do saneamento do barrio da Pedra, tamén nos gustaría saber se van a tomar algunha actuación en San Roque, Morgadáns, no camiño que vai desde Marán a Hervillás, onde hai unha zona bastante conflitiva ¿verdade? os veciños e veciñas dos lugares de Xende e Hervillás que baixan desde San Roque, é un camiño moi estreito, hai unha serie de..non da pasado un coche por outro e hai un tramo de ao mellor case 300 metros que como haxa dous coches de fronte, un vai ter que dar marcha atrás porque non hai nin onde dala volta. Sabemos que algún que outro veciño púxose en contacto con este Goberno de forma verbal e escrita para que lle deran algunha solución e dirixiuse a varios departamentos e a día de hoxe non teñen ningunha contestación por parte do Goberno Municipal.

Gustaríanos tamén saber ¿por qué, e se hai forma de cambialo, por qué non se están a cotexar determinados documentos nas dependencias da administración municipal? Sabemos que este é un tema controvertido e que aquí so se cotexan os documentos que se van presentar na propia administración municipal pero ás veces hai veciños e veciñas que necesitan cotexar unha serie de documentos e que noutros concellos si se fan, en concellos do Val Miñor si se fan e neste Concello non se fai e despois de marearse dun sitio para outro, aquí non tes que ir á Garda Civil, a Garda Civil tes que ir ao Concello, do Concello te mandan a outro lado e ao final o veciño ou veciña que teña que cotexar unha documentación non o pode facer. Gustaríanos saber se isto pódese arranxar e a administración pode cotexar esta documentación, hai outros concellos que si o fan, aí queda.

Gustaríanos, falouse aquí da ampliación – mellora do cemiterio de San Cibrán, hai un informe demoledor en contra do procedemento seguido, hai un acta de reformulo que está emitida fóra de prazo, hai un incumprimento do prazo de execución da obra de oito meses e hai unha certificación da obra fóra de prazo, gustaríanos se puidese explicarnos o ¿por qué?

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Gustaríanos saber ¿por qué as concesións das subvencións tanto para a execución de promoción e desenvolvemento cultural do 2016, a de promoción e desenvolvemento deportivo, as subvencións de fin social, as subvencións culturais, ¿por qué veñen reparadas? Todas e absolutamente todas veñen reparadas, é dicir que non se están a facelas cousas debidamente, e neste tema, un tema de subvencións tamén pasa, curiosamente tamén está a pasar coas subvencións nominativas, este ano aprobouse no Pleno, creo lembrar ademais creo que non sei se foi por unanimidade a proposta do Goberno, pois na execución desa concesión das subvencións nominativas tamén hai un informe de reparo da legalidade e desde lenzo gustaríanos, xa non porque non o fai porque é unha práctica habitual pero si logo ten pensado algunha forma para que nun prazo as resolucións da Alcaldía, que creo lembrar que son de novembro, decembro, é dicir en dous meses, estes son os informes dos reparos da legalidade, hai mais de 300.000 euros de facturas pagadas con informe en contra, como isto é algo habitual gustaríanos saber se cando menos ten o Goberno, o Concelleiro da Área correspondente, etc., etc., buscarlle algunha forma para que non se produzan Pleno tras Pleno, unha cantidade, que o noso Grupo pensa que é desproporcionada de reparos no pago das facturas do Concello. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Pauliño, tomo nota do seu rogo de incorporación das preguntas dos Plenos, aínda que queda gravada a acta electrónica para poder acceder ao mesmo.

O do baldeo de rúas, pois mire a verdade é que foi unha decisión que se tomou de baldear certas rúas, un tramo moi pequeno, despois de todo o proceso que houbo de eventos de cabalgata, de caramelos tirados ao chan e demais, era unha das maneiras de poder limpalas rúas e evitar todo iso, e consensuado ademais co servizo de limpeza, con Geseco, e non estaba tampouco en perigo o abastecemento de auga en Gondomar como para non poder facelo. E foi unha decisión política, como hai que tomar tantas veces na vida, e foi unha decisión que eu tomei e ordenei, entendo que pode ser ao mellor acertada ou non.

Sobre as bridas que vostede di, xa se tomou nota, non só das dos xardíns senón de tódalas que había na rúa e procedeuse inmediatamente a limpalas e ordenar a limpeza das mesmas a empresa que se encargou de levar a cabo os traballos.

Sobre a raia continua que vostede di, unha raia continua amarela que prohibe parar e estacionar en fronte da gasolineira, da PO 340, un tramo urbano de titularidade da Xunta de Galicia, o único que se fixo aí foi atendelas peticións dos veciños de restituír, ou sexa pintar de novo, o que había xa, non é que se fixera unha implantación de sinalización horizontal nova, senón que foi volver a pintar porque estaba borrada unha sinalización que xa estaba vixente do anterior mandato e mesmo do anterior e do anterior, porque da a casualidade que lembro eu, ¡qué vello son xa! A primeira vez que se pintou iso e debe de facer xa, pois mire eu creo que debe de ser do primeiro mandato de cando Carlos Silva e desde entón tódolos Gobernos o que fixeron foi pintar esas liñas e amarelas, e foi o que se fixo tamén.

Despois, sobre o tema da actuación do camiño de San Roque en Hervillás, do conflito que hai nesa zona, a min non me consta que me dixeran nada, á Concelleira de Infraestruturas tampouco pero si me di o Concelleiro de Urbanismo que si falaron con el, e agora sobre ese punto explícanos, Sr. Araúxo, ten vostede a palabra.

Sr. Araúxo: Grazas, é moi simple, porque aí realmente hai dous problemas, un é o ancho do camiño, é evidente, como case a maioría dos camiños que ten o Concello que para ensanchalos ou unha de dúas, ou se expropia ou ceden, mais logo facelas obras, claro, ese sería o problema xenérico, aí a maiores efectivamente hai unha cuestión, hai unha infracción urbanística dun peche sen licenza que ten aberto o correspondente expediente e que se resolverá como todos, iso é o que hai, non hai mais, ese podémolo resolver evidentemente, o ensanche do camiño pois é unha cousa mais complicada polo que acabo de dicir.

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Sr. Alcalde: Grazas Sr. Araúxo, sen prexuízo do que di o Concelleiro, como responsable de seguridade e tráfico eu anticípolle que pedirei un informe á Xefatura da Policía Local para a posible sinalización ou estudo de sentido único, etc. nese tramo para ver se podemos arranxar ou dalgunha maneira regularizalo tráfico rodado nesa zona sen chegar a expropiar ou meterse en maior complexidade. Ten a miña palabra.

A pregunta número 6 que me facía vostede sobre as compulsas dos documentos, de por qué a administración local do Concello de Gondomar só facía compulsas para recollelas mesmas en tramitación, en administración, que foran presentadas só ante á administración, como ben sabe, hai unha lei ao respecto de compulsas que o que di é que as compulsas teñen que facelas as notarías ou as administracións propias onde se vaian a recollelos documentos, dentro desa potestade fedataria que teñen os funcionarios no sentido mais xenérico pois non entra cotexar os documentos para outras administracións, non sei se se fai por economía administrativa, se polo qué, a min xa me gustaría e teño presente porque son ademais consciente da realidade de que os veciños si que teñen ese problema, eu sei que moitos deles acercábanse ao concello de Baiona a facelo, agora xa non o fan tampouco no concello de Baiona, nin tampouco o fan no cuartel da Garda Civil, como nalgúns casos tamén se ía, entón se está dalgunha maneira impoñendo a esixencia desa Lei que ven a regulalo deste xeito, sen prexuízo do que lle estou a dicir, tamén había feito esta consulta ao Secretario Municipal e todos coinciden que so se recollan e se cotexen os documentos que vaian ser entregados no Concello. ¿qué mais lle podo dicir? Seguirei indagando no asunto, e se algunha físgoa legal nos queda para darlle un mellor servizo a cidadanía e acercar á administración ao cidadán, desde logo creo que coincidimos todos en que non se lle pode poñer ningún tipo de impedimento nin barreira, imos estudalo e volverei a contrastala información cos servizos xurídicos do Concello.

Sobre a pregunta que me facía de San Cibrán, dos informes demoledores que hai sobre iso, non entro a cualificar o termo demoledor, pero si lle digo que ten acceso ao expediente para mirar detalladamente e estudalo mesmo con tódolos informes e se o fai verá e creo que estamos ademais no uso da razón que está todo motivado, e os problemas que houbo de demora na execución e na finalización desas obras, entre outras cousas veñen xustificados polos estudos xeotécnicos, non me atrevo moito a dicir tampouco a utilizar termos pero aí tivemos, si que tivemos problemas, primeiro por problemas do terreo, saben vostedes que cando traballamos nun cemiterio e escavamos, é moi típico que empecen a aparecer ósos por todas partes e é o caso, e entón ante iso Patrimonio unha cousa, hai que levantar unha tumba e aí si que houbo unha serie de problemas que o arquitecto ademais encargado da obra, mesmo a climatoloxía que se deu ademais nesa época obrigou a paralas por orde del e está todo, entendo que xustificado e mais que xustificado ¿non?.

Sobre as concesións das subvencións que está reparadas nalgúns casos, si que é certo que hai reparos de intervención e hai levantamentos de reparo por parte do Alcalde, é certo , o Alcalde ten a potestade de levantar o reparo de intervención e facer efectiva ademais pois neste caso o pago dunha subvención, etc., é unha potestade que pode facer o Alcalde e a ningún Alcalde gústalle facelo pero moitas veces hai que ponderar e tomar unha decisión e é certo que aquí debido á implantación da sede electrónica, como novidade ademais este ano que entrou a Lei en vigor o 2 de outubro e tendo en conta que as asociacións moitas veces son ou están constituídas por persoas que non todas teñen os coñecementos telemáticos para poder operar coa sede electrónica, mesmo moitas veces atopámonos cun corte, con persoas de xa determinada idade pois houbo certos problemas para presentar a documentación xustificativa en tempo e iso levounos a que tivemos que tomar unha decisión, e dígoo así abertamente sen reparo ningún, só o reparo de intervención, que houbo que pagar, decidir pagarlle a determinadas asociacións levantando o reparo ou deixalas sen axuda, falo por

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



exemplo da Asociación da Terceira Idade do Concello de Gondomar que non deron feito e ao final houbo que pagarlle levantando o reparo o Alcalde para que cobraran os 550 euros que lles corresponde pola anualidade e pola subvención e algunhas desas si hai e houbo que levantar o reparo. A min non me da reparo levantalo reparo cando miro verdadeiramente cal é o fin e o obxecto da subvención e a onde van destinados os cartos, entón moitas veces temos que ponderar eses criterios e eu non os oculto, son os que hai, din ese paso e aí están e os asumo e os fago meus pra o bo, para o malo e par o que consideren vostedes.

A derradeira pregunta que me facía era sobre as resolucións de Alcaldía e sobre todo dos mais de 300.000 euros que obran aí de facturas que eu tamén levantei o reparo para pagar. Visto así, 300.000 euros de facturas pagadas con reparo, e levantado o mesmo polo Alcalde parece unha esaxeración que eu pague 50 millóns de pesetas, das antigas pesetas, con certo reparo de intervención, o reparo de intervención todos coñecemos o que é e eu asómbrome cando vostede me di 300.000 euros porque eu pensei que eran mais, porque 300.000 euros por desgraza, tal como está a situación deste Concello, non é nada porque eu pago tódolos meses con reparo de intervención a limpeza de residuos sólidos urbanos, recollida de selectivos á empresa Geseco, págolle tódolos meses sesenta e algo mil euros con reparo de intervención porque o contrato que tiña Geseco por vinte anos acabouse, prorrogóuselle e agora mesmo están sen contrato, en precario, como todos saben, e teño que tomala decisión ou de pagarlle a Geseco ou de rescindirlle o servizo, iso xa é vello aquí, este debate, polo tanto só en Geseco tódolos meses páganse case 70.000 euros con reparo de intervención, pero se imos a Fenosa, á electricidade, como non hai contrato tamén hai que pagar con reparo de intervención e tamén é outra cantidade elevada, é dicir, así suma e segue todo aquilo dos servizos que se presten á administración e non teñan contrato administrativo entre a empresa e administración obviamente hai que pagalo con reparo de intervención porque intervención repara, agora, pense vostede que temos sorte que no servizo de limpeza de edificios e inmobles hai contrato, hai contrato, fíxose cando estaba o mandato anterior e tiven que formalizalo eu porque o collín eu nese proceso, entón aí salvámonos, tamén hai contrato de telefonía móbil ou telefonía que non o había, tamén se pagaba con reparo de intervención, pero hai moitos servizos nos que non hai contrato e hai que sacalos, entre eles o do lixo, por iso eu agardo que ao próximo Pleno que veña quen de traelo Prego de Condicións unha vez que conteste a Comisión Consultiva da Xunta de Galicia que estamos á espera para rectificalo ou modificalo ou traer o que hai se nos din que está todo ok, e a ver se de algunha maneira deixámoslle de pagar a Geseco, pagamos á concesionaria que entre previa licitación e adxudicación do servizo e así non teño que estar a pagar entre outras cousas 70.000 euros con reparo de intervención, por iso e xa remato, se miramos 300.000 euros, é ben pouco, porque págase moito mais, revise vostede as facturas e verá que ten mais. ¿mais preguntas?

<u>Sr. Pauliño del Río:</u> Si, non,non, non simplemente para aclorarlle que xa estaban excluídos dos 300.000 euros esas dúas cantidades que vostede acaba de mencionar, con todo non deixa vostede de asombrarme pleno tras pleno que sendo Concelleiro de Economía e Facenda aparte de ser o Sr. Alcalde dea por supostas determinadas cousas como se fosen un accidente meteorolóxico e non fora competencia súa solucionalos. Grazas Sr. Alcalde.

<u>Sr. Alcalde:</u> Grazas Sr. Guitián, eu son unha persoa que falo, perdón Sr. persoa, é que moitas veces confúndome de oposición, eu daba por feito ca oposición moitas veces ten que sela dereita e non extrema esquerda, entón son deses lapsus do directo, entón que lle ía dicir, isto dicirlle que falo con toda a franqueza do mundo porque teño a conciencia moi tranquila, acabo de chegar a este Concello e atopeime o que me atopei e atópome tódolos servizos, mire cando levo ano e medio, non é nada comparado co que me queda, moi pouco e cando, cando vostede, como agora xa aburro o Sr. Pauliño non quere escoitarme e para que se diga que nos

Plenos non hai debate, co Alcalde non se expresa, como non hai mais preguntas damos por finalizada a sesión.

Sr. Pauliño: Alcalde, Sr Alcalde, hai dous concelleiros que...

Sr. Alcalde: ¡ah! Vale, vale, pensei que vostede era o voceiro de...

Sr. Pauliño: Sabe vostede que nas preguntas non hai voceiro, como acaba de chegar ¡xa é o segundo ano eh!

Sr. Alcalde: Vale, eu estou en primaria, mire

Sr. Pauliño: Non debeu de aprobalo primeiro.

Sr. Alcalde: Eu estou en primaria ¿sabe? eu estou en primaria pero vostede leva repetido cincuenta cursos e non avanza, Sr. Josué, Sr. Villar ten vostede a palabra.

Sr. Pauliño: Unha mostra mais.

Sr. Josué Villar: Falando de avances, eu non quería facer unha pregunta, quería facer unha petición, non é a primeira vez que a fago pero xa comeza a ser preocupante e sería para todo o Goberno, tanto Manifesto Miñor como PSOE que tomen nota de que por respecto a este Órgano creo e a cidadanía que representamos todos e todas as aquí presentes que comecen a aplicar dunha vez tódalas mocións que aquí se aproban, porque apróbanse aquí pero logo non se aplican, polo tanto é unha carencia democrática bastante grande. A derradeira, ademais da bandeira republicana que non se colgou, as homenaxes ás vítimas do franquismo que tampouco se aplicaron, por favor...

Sr. Alcalde: Silencio, por favor.

Sr. Josué Villar: A derradeira foi a das podas agresivas, trouxemos unha moción aquí sobre as podas agresivas que se estaban a facer neste Concello, tódolos grupos creo lembrar que votamos a prol e aos dous meses estamos na mesma, vólvense a facer esas podas agresivas e aínda por riba o desprezo que para nos supón este tipo de respostas. Preguntamos ¿por qué volven a incumprir isto? Non cumpren a moción e responden; está realizada a poda baixo as indicacións oportunas, aquí non di cáles son as indicacións oportunas, o que eu sei seguro e que aquí aprobouse unha moción por tódolos grupos á que vostedes votaron a prol, supoño que para quedar ben aquí, pero que logo non aplican. Por favor apliquen o que aquí se aproba.

Sr. Alcalde: Grazas Sr. Villar, as podas hai unha empresa adxudicada ao Concello, de xardinería á cal pedímoslle todo o apoio técnico para que nos asesore, e dinos como temos que podar, nos non somos técnicos pero si que o Concello ten unha empresa, como vostede sabe, encargada do mantemento dos parques e xardíns, das podas e demais, que son profesionais nesa materia e nos din e levan a cabo a poda como eles consideren atendendo aos criterios profesionais e empíricos nesa materia, polo tanto eu que quere que lle diga. Para rematar co tema das mocións, xa me poñía o tema da bandeira, abandeira non diga que non se deixou poñer en Gondomar, a bandeira republicana, a min gústame moito, púxose no palco da alameda, o que pasa que é certo que eu non lla deixei poñer a vostedes pendurada do mastro do Concello onde están as bandeiras de España, a bandeira de Galicia e a da Unión Europea, aí non pero no resto toda a praza pública que había e toda a ágora do Concello, tiveron vostedes todo o sitio do mundo para poñela e así o fixeron pero non creo que se trate de falar de bandeiras neste Pleno porque iso xa é unha liorta, unha discusión que creo eu que se nos escapa. ¿Mais preguntas Sr. Varela? Non quere, pois se non quere a palabra nada, pregúntolle, pois entón...¿vai facer algunha pregunta mais Sr. Villar?

Sr. Villar: Vou a contestar por alusións

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125



Sra. Alcalde: Conteste vostede, vostede pregunta e eu contesto pero...neste caso veña por alusións.

Sr. Villar: A empresa das podas ao fin e cabo seguen o que vostedes lles din, se vostedes non está de acordo coa moción o que vos digo é que votedes en contra desa moción, se realmente tedes algún criterio técnico ou é unha oposición ao que nos presentamos aquí. Nada mais.

Sr. Alcalde: Vale grazas, sígolle dicindo que as podas e as árbores e todo o que se está a facer, reposición de plantas de temporada e todo faise baixo os criterios obxectivos e non existe ningunha coacción nin nada á empresa, simplemente asesórannos. Grazas. Boas noites a todos e a todas.

E non habendo máis temas que tratar, ás 22 horas e 15 minutos do día 26.01.17, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presente acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.